

Num. 277



Marzal-Abril 2010

Periódico labrego de información técnica e sindical
Número de rexistro: 980635



sindicato
labrego galego
comisións labregas



FRANQUEO
CONCERTADO
F.C. NÚM. 15000077

VII Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do SLG



Parte das asistentes ao VII Encontro da Secretaría das Mulleres do SLG fixéronse esta foto de grupo na praia das Catedrais como lembranza dos días de convivencia, formación e loita desfrutados en Ribadeo.

Case dúascentas labregas acudimos entre o 5 e o 7 de marzo ao VII Encontro da Secretaría, que neste ano tivo lugar en Ribadeo. Unha fin de semana de intercambio e apoio que desta volta centramos na denuncia dos efectos que os fitosanitarios pro-

ducen moi especialmente na saúde das mulleres, na defensa do mantemento e ampliación dos servizos públicos, e na reivindicación da nosa valorización como produtoras de alimentos canda o noso xusto recoñecemento nas prestacións que coma traballadoras ten

que proporcionarnos a Seguridade Social. Condeamos o feito de que hoxe en día esteamos a ser tratadas coma "fraudes" á S.S. infravalorando tanto o noso traballo coma a nosa responsabilidade coma mantedoras do medio rural e da súa sabedoría.

Páx.16

Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez
Colaboracións: Carme Freire,
Lidia Senra, Manuel Docampo,
Isabel Vilalba, Xoán Monasterio,
Charo Sánchez Parga, Xabier
Gómez Santiso, Ana Rodríguez,
Diego Sánchez Agra e Sandra
Varela.

Deseño e maquetación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

R/ Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532

MELIDE - Praza do Convento nº2

ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D

Tifno. 981 508 177

MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns

CARBALLO - Río Sil nº 52, Baixo. 981

703169

SANTA COMBA - R/ Carmen

Santiso nº22, baixo. Tif. 981 980909

ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo. 15680.

Tif. 981 682908

PONTE CARREIRA - Bar O Taxista

BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,

1º. Tif. 981 773377

TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º

esq / Tifno. 981 789 781

SAN SADURNINO - Lugar de Outeiro sin

981 490430

AS PONTES - R/ Balsa nº 28

O BARCO - Casa sindical

Tif. 988 321511 / Fax: 988326723

CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.

Tif. 630 970 131

O CARBALLIÑO - Casa sindical

Tif. 630 970 131

VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,

Galerías Maga Tif. 988 590438; Fax 988

590439

RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11.

Tif. 988 477230 Fax. 988477230

XINZO - Casa Sindical Tif. 988 462547

TRIVES - CIG Casa Sindical

Teléfono 699 924 634

VIANA DO BOLO - Antigo centro de saúde.

Tifno. 629 621 047

LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.

Tif. 982 231154

MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tif.

982 403005

SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108,

entrecán B. Tif. 982 876155 / 659735862

CHANTADA - Praza do Concello, baixos

AISS Tif/Fax: 982 462103

A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tif.

982 350 080

ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria

RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.

Tif/Fax. 982 130615

LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tif.

982 121376

VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.

Tif.982 512431

MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño

Entrecán E. Tif/Fax: 986792268.

A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º

Tif/Fax 986 573232

LALÍN - R/Arenal nº1, entrecán 3. Tif.

986 792 268

SILLEDA - Av. do Parque, 32

Centro comercial O Parque, oficina 12

986 580526

PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal

1ªA, 1ºC. 986 641508

Martes a xoves, de 10.00 a 13.00

O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf.

Rosales. Tif. 986 625 394

O SALNÉS

Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,

Ribadumia. Tif. 986 711825

2 / SUMARIO

nº 277
Marzal-Abril do 2010



Editorial, páx. 3

■ **Na defensa das persoas e da terra.** A rede GALIZA NON SE VENDE, xunto con outros movementos sociais, xorde da necesidade de autoorganización contra os abusos do capital, recollendo o espírito das antigas loitas das Encrobas, de Castro de Miño, de Portomarín ...



Galiza, páxs. 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10

■ Entrevistamos á **Cooperativa Rainha Lupa** de Quilmas.

■ **Xornadas Galegas de Soberanía Alimentar.**

■ E tamén: reforma da PAC para o 2013; xuntamos esforzos a prol dos servizos sociais públicos, abordamos a reforma da Lei do Solo e denunciamos a proposta de etiquetaxe de produtos supostamente galegos, etc.

Suplemento Seguridade Laboral no Agro, páx. 11

■ Sinalamos os riscos laborais no agro derivados do **contacto con animais e das características das instalacións**



Sectores Gandeiros, páxs. 12 e 13

■ Dificultades no transporte de gando nas feiras.

■ Valoración da **Mesa do Leite.**

■ Exisimos prezo mínimo contra a especulación dos agronegocios.

■ A desconfianza nas análises do leite.

Sectores Vexetais, páxs.14 e 15

■ Bota a andar o **Grupo do Viño** da CEVC. Entrevistamos a Manuel Docampo, Responábel do Sector Vitivinícola no SLG.

■ “Non hai monte vivo sen medio rural vivo”, entrevistamos ao presidente da **Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común**, Xosé Alfredo Pereira Martínez.



Mulleres, páx. 16

■ **VII Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do SLG: Labregas por unha seguridade social asequíbel e con coberturas dignas.**

A discriminación das labregas nas cotizacións á seguridade social inspírase na falla de valoración cara o noso traballo

Agroecoloxía, páx. 17

■ **A pataca transxénica, un novo ataque ao sector produtor.** É a primeira autorización en doce anos. Tanto Francia coma Alemaña acolléronse á Cláusula de Salvagarda para impedir que se semente no seu territorio, mais non o Estado español.



Eira, páx. 18 e 19

■ **Axudas ás explotacións e anuncios de compra-venda.**

■ Fica **ampliado o prazo de solicitudes das primas da PAC.**

■ Axudas periódicas a mulleres que sofren **violencia de xénero.**

■ Xa podedes pasar polo voso local do SLG a tramitar a **Declaración da Renda 2010.**

Contracapa, páx. 16

■ **2ª MANIFESTACIÓN ESTATAL CONTRA OS TRANSXÉNICOS.** Madrid, 17 de abril.

■ **MOBILIZACIÓN no Consello de Ministros/as europeos en Extremadura.**

Esta publicación está cofinanciada pola



Na defensa das persoas e da terra

Estamos en tempos de crise, crise do sistema económico e financeiro baseado na especulación, pero que repercute con maior intensidade nas xentes do común, nos labregos e labregas, nas xentes do mar e nos traballadores e traballadoras.

O capital financeiro e as multinacionais da especulación seguen mantendo beneficios. Os gobernantes e os políticos de primeira división preocúpanse mais polos que crearon a crise que polas xentes que a sofren.

Neste mapa tan desolador chama a atención como o sistema quere facernos responsables da actual situación a cada un e cada unha de nós, que somos quen as sufrimos, deixando libre de toda responsabilidade a quen a provocou e aos gobernos que o permitiron.

Estas políticas desprezan as actividades agrarias e do rural, por estar en mans de labregos, labregas e xentes do común, e miran para o territorio como un espazo para a especulación, para sacar rendemento enerxético, para extraer mineral ou para calquera outro negocio que nada positivo vai reportar as per-

soas que as sofren. En nome do “progreso” pasan por riba das propiedades privadas, dos dereitos colectivos e do medio ambiente. Quen progresa con estes negocios son os de sempre; á poboación no seu conxunto tócalle pagar as consecuencias.

Unha vez que os partidos políticos, situados no poder, declaran “de interese público” o que é puramente especulativo e privado, deixan desprotexida a cidadanía quen, por necesidade de defenderse, crea movementos de base para repeler as agresións do neoliberalismo e das políticas que o sustentan.

A rede GALIZA NON SE VENDE, xunto con outros

movementos sociais, xorde da necesidade de autoorganización contra os abusos do capital, recollendo o espírito das antigas loitas das Encrobas, de Castrelo de Miño, de Portomarín ...

As labregas e os labregos levamos séculos sufrindo os excesos do poder, polo que vemos con agrado e apoiamos a formación de movementos de defensa da terra e das persoas.

A suma de todos e todas nós somos quen facemos País, xa que Galiza debe ser das persoas, unha nación sustentábel e non un negocio extractivo, enerxético, especulativo, financeiro, ... para beneficio das transnacionais.



Máis dun milleiro de persoas acudiron á convocatoria realizada pola Rede Galiza non Se Vende, o pasado domingo 21 de marzo en Santiago de Compostela.

Cooperativa Rainha Lupa de Quilmas, sementando resistencia

Falamos con Xosé Manuel Casais, labrego Presidente da Cooperativa de Agricultura Ecolóxica Rainha Lupa

Que facer diante da prepotencia dunha empresa que comeza a visitar á veciñanza ameazando con que de non venderlles

os terreos a 7€/m², vanllos expropiar a 2€/m²? Que facer cando o Goberno alenta a venda de 250.000m² de costa,

patrimonio de todas as galegas e galegos, a unha empresa privada e fortemente contaminante? Sementar resistencia.



Quilmas non se vende. Galiza non se vende. A resistencia cidadá en Quilmas (Carnota) ten grande parte de responsabilidade no acendemento da mecha de denuncia que se deu en chamar Galiza non se vende, por seren un dos primeiros grupos de veciños e veciñas en erguerse contra a explotación dos recursos naturais da súa zona, e por acuñaren a reivindicación "non se vende" coa creación da Plataforma pola defensa do patrimonio cultural de Quilmas. Esq. a der.: Lola, Lucía, Manolo, Xoana, Maruxa, Genoveva e Xosé Manuel.

■ Cal é o punto de partida da Cooperativa Rainha Lupa de Quilmas?

A cooperativa de agricultura ecolóxica Rainha Lupa de Quilmas naceu como un xeito de oporse á ampliación da piscifactoría da empresa noreguesa Stolt Sea Farm, aprobada polo goberno Fraga no ano 2005, xa en funcións -logo de coñecer que perderan as eleccións-, mantida no Plano Acuícola Sectorial elaborado polo goberno bipartito, e prevista polo Plan Acuícola da actual Xunta de Galiza.

Perante da necesidade de elaborar unha estratexia que freara esta ampliación, entre uns veciños e veciñas dimos cunha alternativa, respectuosa e creadora de postos de emprego, coa que rebelarnos contra unha ampliación que suporía a ocupación de 250.000m² de costa: manter coma terras produtivas os terreos codiciados pola Stolt, que por outra parte xa tiñan un aproveitamento agrícola de gran importancia para a economía do pobo de Quilmas.

■ O proxecto comezou coa plantación dunha pequena horta, á que se lle foron engadindo os terreos das socias e un invernadoiro e a cesión de terras por parte da veciñanza, e tamén o actual local de reunión e preparado de pedidos da cooperativa e un almacén onde mantendes a produción. Como estades organizados/as a día de hoxe?

Na actualidade as terras están agrupadas baixo réxime de Comunidade de Bens privada. Quince veciños/as foron os socios/as fundacionais, mais tamén algúns ao marxe da Cooperativa, e despois da adecuación dos terreos, uníronse a esta recuperación voltando a cultivar as súas terras, localizadas na zona na que a Stolt Sea Farm pretende realizar a súa ampliación.

En menos de tres anos as 7 persoas que arestora

traballamos directamente na cooperativa puxemos a funcionar 25 hectáreas de terreo.

■ Co clima especialmente suave da zona, e contando ademais cunhas terras moi aptas para a produción ao atopárense ao pé do Monte Pindo, con bos sedimentos, boa orientación, etc. Que se cultiva na Cooperativa Rainha Lupa?

Pois contamos cunha hectárea de froiteiras de castes autóctonas (maceiras, pereiras, figueiras) e cerdeiras tamén autóctonas coma son A Coruñesa, a de Rabo Curto e maila Negra de Dorofia. Tamén catro hectáreas de trigo do País (variedade Callobre) e centeo País, así coma cebola de Ameixenda e de Quilmas e faba de Ollo de Perdiz. Logo patacas, espárragos, feixoas, prantas ornamentais e menciñais... e hortalizas variadas. Na actualidade estamos a plantar laranxeiras, pomeiros, limoeiros, granadas e aguacate.

Trazamos un plan de cultivo combinado que mantén produción durante todo o ano, ao tempo que procuramos a recuperación e emprego de castes autóctonas.

A máis filosofía da empresa baséase na ecoloxía, polo que os métodos de cultivo apoíanse nas técnicas da agroecoloxía, e coma é tradicional en moitas zonas costeiras da Galiza, empregamos algas para abonar, elaborando o compós e os extractos. Esta é a nosa estratexia produtiva para fornecer dos produtos alimentares básicos ás familias.

■ Como distribuídes a produción?

Na actualidade temos un posto no mercado dos ventres de Muros e distribuímos produtos a varios establecementos hoteleiros da nosa zona, así coma nas tendas de alimentación.

Por outra banda, a través de cestas semanais, tamén facemos chegar os alimentos directamente aos

fogares dos consumidores/as, e tamén subministramos alimentos á cooperativa de consumo responsábel Zoca Miñoa d' A Coruña.

■ A Cooperativa Rainha Lupa é un proxecto contra o sistema capitalista, e ademais de ter que apandar coas ameazas da empresa (trasladadas a toda a veciñanza que non quixo vender) a vosa actividade produtiva tamén se viu afectada...

No ano 2009 un verquido da Stolt Sea Farm contaminounos a plantación de trigo.

A esta empresa manténenselle uns controis e criterios de seguridade tan pésimos, que mesmo logo de levar anos funcionando, o permiso de verquidos concedéronllo fai apenas seis meses.

■ En contraste co apoio que a Administración presta a este tipo de empresas, pola contra, para a Cooperativa e para todo o sector agrario non houbo axudas nin para para as perdas ocasionadas polos temporais que pasaron por Galiza este inverno, no voso caso tivéchedes perdas materias e de produción que rodaron os 30.000€ causadas polo furacán Flora en xaneiro...

Dende a Cooperativa cuestionámonos por qué os fondos públicos están indo para multinacionais coma a Stolt Sea Farm e non para apoiar iniciativas da sociedade galega coma a Rainha Lupa, que producimos alimentos sans e de calidade, e reivindicamos a dignificación do traballo das labregas e labregos. Por que nesta área non se potenciou a agricultura en troques dunha piscifactoría?

■ Malia tódalas dificultades, a día de hoxe a Cooperativa Rainha Lupa ten produción e demanda, e é un proxecto exemplar, totalmente saneado no plano económico, que substituíu a necesidade de

Continúa na páxina seguinte.

ter que solicitar créditos aos bancos pola solidariedade, a implicación e o traballo conxunto, cal é o seguinte paso?

Temos a posibilidade de ampliar os terreos a máis das 25 hectáreas actuais, mais o que se procura é que o proxecto enraice primeiro ben, que non só forneza de alimentos variados, sans, de castes autóctonas e de proximidade País, temos tamén que estruturar ben o noso territorio, definir o espazo e mellorar a técnica, e ademais poder xerar postos de traballo estábeis, de calidade e vinculados á agricultura, os chamados “empregos verdes”, así coma a posibilidade de integrar novos socios/as na cooperativa. Neste sentido, arestora atópámonos á espera da saída de axudas á contratación, para integrar novos traballadores e traballadoras.

A este respecto, penso tamén que coa cooperativa mudou en certo sentido a mentalidade de moitos

veciños e veciñas da zona, desmontando os falsos argumentos cos que a Stolt Sea Farm pretendía conseguir as terras, dos cales a suposta creación de emprego foi un deles, mesmo cando é sabido que o alto grao de mecanización destas plantas fai que o personal preciso sexa moi reducido en proporción aos custos medioambientais que xeran e que nos reflicten a todos e todas: a destrución da forma de vida dunha aldea, do mar, das lagoas (polos verquidos constantes dos afluentes sen depurar, etc...) e máis a colonización do litoral Galego con lonas negras e cemento (o Plan Acuicola ronda unha ocupación de preto dos 3.000.000 m2 de litoral virxe).

Dende a Rainha Lupa, cremos na idea dun futuro máis respectuoso coas persoas e o contorno, non estamos dacordo en que a Administración permita que se vendan os nosos recursos naturais ás empresas destructoras do territorio e de capital foráneo

■ Dende o Quilmas que non se vende, a Rainha Lupa combina a produción de alimentos cos cursos de agroecoloxía, as xornadas de voluntariado nacional e internacional, e visitas doutras explotacións e iniciativas de produción interesadas polo seu xeito de facer as cousas e pola idiosincrasia desta iniciativa de loita. Esquecémonos dalgo?

Arestora estamos traballando tamén na recuperación do sistema de canalización da auga para o rego mediante antigos valados e na posta de novo en funcionamento dun senlleiro sistema subterráneo de transporte de auga mediante canos existente nesta zona.

Tamén traballamos pra recuperar os hórreos da zona e os camiños. Neste sentido, cómpre comentar que a piscifactoría da Stolt está precisamente instalada no medio dun antigo camiño romano.

A Terra Chá NON se vende NON ÁS MINAS

Máis de tres anos de conflito levan de novo á rúa aos colectivos en contra das minas de seixo da Terra Cha, que loitan por bloquear tres concesións para a extracción de seixo nos concellos de A Pastoriza, Cospeito, Castro de Rei, Vilalba, Abadín e Riotorto.



Nos primeiros momentos da loita contra as minas tivo lugar no 2007 unha manifestación de denuncia en Lugo, á que lle seguiron no 2008 e 2009 a participación nas convocatorias da rede GALIZA NON SE VENDE, ao igual ca na deste ano (imaxe).

A principios do ano 2009 a Comisión de Asociacións en contra das minas fixo unha forte campaña informativa para que os particulares e asociacións fixesen alegacións contra a concesión de licenza municipal nos concellos de Cospeito, Castro de Rei e A Pastoriza, estas alegacións están hoxe en día sen resolver por parte da Consellería.

Na actualidade ademais Erimsa ten inter-

posto varios contenciosos contra estes mesmos concellos no Xulgado do Contencioso en Lugo, estando as Asociación e varios particulares persoados como codemandados.

Nestes anos de loita a veciñanza afectada polas concesións de extracción de cuarzo levaron adiante un forte traballo mobilizador que se iniciou no 2007 cunha serie de campañas informativas

encamiñadas a contrarrestar os argumentos enganosos emitidos por parte da Administración galega e da empresa Erimsa, que se atreveron a argumentar que esta actividade mineira non suporía prexuízo ningún para a Terra Chá.

Tamén se levaron adiante asembleas de afectados e afectadas así coma charlas informativas sobor da problemática das minas

10ª Concerto da Caravana Galiza non se Vende en Cospeito

Na noite do sábado 20 de marzo sucedéronse na casa da cultura de Muimenta a poesía, a música e o entretemento nunha cita que serviu para quecer motores de cara á manifestación na defensa do noso territorio que tivo lugar ao día seguinte en Santiago de Compostela.



Buxos Verdes encetou a noite de festa.



A Quenlla emocionou ao auditorio.



Ao ritmo de Os valuros de Castro de Rei.



O grupo Caivanca animando ao público asistente.

Xornadas Galegas de Soberanía Alimentar

Do 27 ao 28 de febreiro tiveron lugar en Santiado de Compostela as Xornadas Galegas de Soberanía Alimentar, organizadas pola Iniciativa pola Soberanía Alimentaria dos Pobos (ISAP), da cal o Sindicato Labrego Galego forma parte.



Paul Nicholson -sindicato agrario vasco EHNE e Vía Campesina- e Carme Freire, Secretaria Xeral do SLG, nun momento da charla "Soberanía Alimentar: Democratizando a Alimentación".

A soberanía alimentar foi definida no Foro de Nyéléni —celebrado Mali, en Febreiro de 2007—, coma "o dereito dos pobos a dispoñer de alimentos nutritivos e culturalmente apropiados, acesíbeis, producidos de forma sustentábel e ecolóxica, e o seu dereito a decidir o seu propio sistema alimentar e produtivo".

Este concepto vai máis aló, polo tanto, do que coñecemos como "seguridade alimentaria", manexado polo meirande dos países, xa que a soberanía alimentaria non é sómentes ter comida, senón que esta ten que ser sana e xusta para quen a come e quen a produce.

A soberanía alimentaria é defendida por organizacións de todo o mundo —labregas, de poboacións pescadoras, indíxenas, feministas, ecoloxistas e de consumo responsábel— como a alternativa ao actual sistema industrial de produción, (que implica transxénicos, pesticidas, agricultura intensiva, ...) distribución (accedemos a alimentos que, malia poder ser producidos aquí, son transportados dende milleiros de kilómetros, co conseguinte

impacto medioambiental) e comercialización (impónenos cada vez máis o consumo nas grandes superficies, xestionadas por un pequeno pero poderoso monopolio a nivel mundial que especula cos alimentos, beneficiándose das subidas no prezo aos consumidores/as e da baixada no pagado aos produtores e produtoras).

O tratamento que o comercio internacional dá aos alimentos, seméllase cada vez máis ao do petróleo. Por unha banda, o prezo mundial dos alimentos decídese en gran parte no Mercado de Futuros de Chicago.

Un marco regulamentario especulativo que no 2008 (o ano da triple crise: económica, enerxética e alimentaria) proporcionou ás grandes empresas de alimentos un incremento medio de beneficios do 45%.

Por outra parte, a deslocalización da produción alimentar duns países a outros, coñecida como "acaparamento de terras", e que implica producir alimentos nun país para alimentar ás/aos habitantes doutro, atópase xa tan extendida que o

propio director da FAO, o senegalés Jacques Diouf, declarou o 10 de setembro ao Wall Street Journal a existencia dunha "alerta do neocolonialismo de terras nos países do Sur por especuladores con materias primas e alimentos".

Así as cousas, non sorprende que a soberanía alimentar sexa recoñecida coma dereito constitucional nalgúns países, xa que fica claro que sen soberanía alimentar é imposíbel a soberanía dos pobos, posto que dependeríamos para alimentarnos, para vivir, das decisións de empresas privadas ou dos gobernos doutros países.

Demanda de todos e todas

A democratización da alimentación, as relacións Norte-Sul e a fame, o impacto do modelo agro-industrial sobre a mudanza climática, as dificultades e alternativas en marcha para vivir da terra e o mar, a situación e expectativas do consumo responsábel, así como a situación concreta na Galiza, Mozambique e Chile son algúns dos temas que se abordaron nestas xornadas.



Florencia Aróstica, dirixente da Asociación Nacional de Mujeres Rurales e Indígenas (ANAMURI), organización chilena integrada na Vía Campesina.



Luis Mário Muchanga, da União Nacional Camponesa de Mozambique, foi presentado por Isabel Vilalba, Secretaria de Soberanía Alimentar do Sindicato Labrego Galego.



Na mesa, un produtor e unha produtora agrupadas na asociación **Lentura**, canda consumidores/as pertencentes á **Rede Galega de Consumo Consciente** (Panxea e Zoca Miñoa).

Defendemos unha reforma da PAC que supoña garantía de rendas e alimentación

O pasado 27 de xaneiro o presidente da Xunta comprometeuse coas organizacións agrarias a consensuar unha reforma das políticas agrarias

que incluíra os cambios normativos necesarios -aproveitando ademais a oportunidade que se presenata coa presidencia do Estado na UE- que

garantira rendas xustas para os produtores e produtoras e alimentos sáns e de calidade para a cidadanía, así coma o coidado do medio ambiente.

Logo deste encontro, o Sindicato Labrego Galego trasladou ao Goberno galego un documento pormenorizado coas nosas propostas coma organización integrante da Coordinadora Europea Vía Campesina (CEVC), ao tempo que, canda as outras organizacións agrarias, dirixímonlle o 1 de marzo un documento consensuado no que se recollían as propostas do sector, establecendo coma cuestións fundamentais para os produtores e produtoras a necesidade de manter unha PAC forte, a demanda de regulación de mercados, a preferencia comunitaria, a necesidade de medidas de control da produción e a esixencia dunha garantía de rendas aos/as produtoras, ao tempo que se fomenten os modos de produción sostíbeis.

Nembergantes, o documento presentado o 25 de marzo pola Administración no marco do Consello Agrario Galego, dista moito de contar coa valentía que precisamos para a

creación dun marco regulador europeo xusto para produtores/as e consumidores/as.

O texto presentado coma borrador limitábase a propostas continuistas do modelo de política agraria actual, obviando as nefastas consecuencias que conleva, a día de hoxe ben claras de apreciar con só botar unha ollada ás cifras destes últimos anos.

Non se pode mudar a política agraria presentando coma alternativa medidas que se ubican nos mesmos marcos de debate que até agora. Iso non é adecuarse ás necesidades actuais nin tentar corrixir as negativas consecuencias que dende o sector produtor vimos denunciando practicamente dende a entrada do Estado español no mercado común europeo.

O Goberno galego segue a falar de mercado internacional, de contratos homologados sen prezo e, sobre todo, trátanse neste documento as axudas directas ás explotacións, cuestión na que o SLG está da-

Carta enviada conxuntamente por SLG, UUAA e XXAA dirixida a Alberto Núñez Feijóo

Sr. Presidente:

Os secretarios xerais das Organizacións Profesionais Agrarias de Galicia, Xóvenes Agricultores-ASAJA Galicia, Unións Agrarias e a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, queremos informa-lo de que a Consellería do Medio Rural xa ten no seu poder os documentos de traballo e propostas sobor da reforma 2013 da Política Agrícola Común (PAC), no que se recollen as posturas que as nosas organizacións van defender para dita reforma.

Como vostede recordará, logo do encontro que mantivemos o pasado día 27 de xaneiro, o compromiso foi a redacción dun texto que poidese ser un instrumento de traballo para facer realidade esa "postura de país" da que todos/as os/as asistentes a aquel encontro falamos. As tres organizacións esperamos, tamén, poder analizar en breve o texto que a Consellería do Medio Rural está a elaborar tendo en conta as nosas aportacións.

Nese documento, e tendo en conta o momento concreto da evolución dos debates sobre a Política Agrícola Común, terán que incluírse cuestións de fondo que consideramos estratéxicas: a necesidade de manter unha PAC forte, a regulación de mercados, a preferencia comunitaria, medidas de control da produción e de garantir rendas aos/as produtoras e sobre o fomento de modos de produción sostíbeis.

Trátase, pois, dunha aposta por manter unha PAC que recoñeza a importancia do papel que xogamos os labregos e labregas na economía galega, na preservación do medio, na fixación de poboación no territorio e na produción de alimentos para o conxunto da sociedade.

Confiando en que estes documentos poidan ser a base dunha posición conxunta "galega" a defender nos organismos políticos onde se está a deseñar o noso futuro, saudano á espera de poder manter en breve un próximo encontro no que valorar esta proposta, entendemos que vital para o noso futuro e o do noso país.

cordo nalgúns aspectos, mais totalmente en contra de que sexa unha cuestión central da PAC, xa que para o Sindicato o principal ten que ser a elaboración de medidas que incidan na garantía de prezos ao sector produtor, en aras do mantemento de explotacións agrarias e subministro de alimentos na Galiza e na UE.

Malia que o texto debatido fica aberto, o que si se percibiu como pechada foi a posición do Goberno galego en canto a non querer

plantexar cales son as necesidades e, polo tanto, os instrumentos políticos necesarios, para que a PAC signifique fixación de poboación no medio rural, produción de alimentos e preferencia comunitaria.

O Goberno galego manifestou claramente que non está disposto a defender o "necesario", senón somentes o "posíbel".

Dende o SLG, pola contra, consideramos que unha proposta política ten que elabo-

rarse atendendo ás necesidades, non só ás posibilidades, e xa que consideramos que este razoamento responde ao sentido común, xórdenos a dúbida de se o que realmente está a pasar é que o Goberno galego está totalmente dacordo coas ferramentas de eliminación de explotacións existentes na actual PAC, as mesmas que están afundindo ao sector produtor da Galiza e facéndonos cada vez máis dependentes como pobo na nosa alimentación.

Na memoria de Mariano Lema Pérez

Xa vai un ano que nos deixou fisicamente Mariano Lema. O BNG da súa localidade, Vedra, vai celebrar unha foliada homenaxe para lembrar a súa figura.

Como sabedes, el militaba no BNG aparte da súa entrega como traballador e labrego no SLG. O acto, segundo nos comunicaron, está aberto a todos e todas as persoas que tiveron relación con Mariano, só hai que inscribirse antes.

O acto consistirá ademais das intervencións, nunha foliada con carácter popular (como lle gustaban a el) e esta aberto tamén as actuacións que queiran sumarse.

O día vai ser o sábado 24 de abril dende as 6 da tarde, no campo da festa de San Mamede (a parroquia onde vivía) en Vedra. A inscrición (e solicitar máis información) pode facerse no correo electrónico bngvedra@gmail.com; ou no teléfono 671622613.



sindicato
labrego galego
comisións labregas

Unindo forzas a prol dun sistema público de servizos sociais

O Sindicato Labrego Galego forma parte da Plataforma en Defensa do Sistema Público de Servizos Sociais, composta por máis de sesenta entidades sociais e concellos da Galiza.

Esta plataforma presentou unha Moción Parlamentaria aos tres grupos coincidindo co primeiro ano de entrada en vigor da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galiza, que re-

colle os principais incumprimentos e dilacións no desenvolvemento desta Lei, tamén denunciou que se están a dar os primeiros procesos de privatización neste eido.

A continuación enumeramos as reivindicacións asumidas polo Sindicato Labrego ao formarmos parte desta plataforma:

1.-Implantación xeneralizada da Tarxeta Social Galega, de carácter persoal e intransferible que acredita como titular do dereito ao acceso aos servizos sociais: Posta en marcha do Expediente social básico único e do Mapa galego de servizos sociais no que se definen as áreas sociais e se establecen os criterios de dotación de centros e de servizos en todo o territorio galego.

2.-Aprobación e desenvolvemento do Catálogo de servizos sociais.

3.-Dotación dos medios precisos á Axencia Galega de Servizos Sociais para a súa posta en funcionamento e o cumprimento das súas funcións.

4.-Revisión urxente



Na rolda de prensa de presentación da Plataforma o pasado dazaioito de marzo, de esquerda a dereita: Carlos Aymerich, palamentario do BNG; Xabier Ron, de Esquerda Unida; Isabel Vilalba, do Sindicato Labrego Galego; Miguel Fernández, da Plataforma polo Emprego e como Voceiro da Plataforma en Defensa do Sistema Público de Servizos Sociais; Rafa Villar, representante do BNG; Xosé López Gómez, representante do Plan Comunitario do Barrio de Vite de Compostela e Laura Cruz, do Colexio de Educador@s Sociais de Galicia.

da regulación legal da renda de integración social de Galicia establecida na Lei 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social, e elaboración e aprobación dunha nova lei de inserción social de Galicia.

5.-Determinar os equipamentos, persoal

profesional e equipos técnicos interdisciplinares en cada nivel de actuación da estrutura básica dos servizos sociais, tanto municipal como comarcal. Fixando as titulacións e as cualificacións profesionais e os ratios de cobertura dos equipos de traballo.

Todo elo coa apro-

bación do Consello Galego de Benestar Social e a Mesa Galega de Servizos Sociais.

6.-Consolidación da rede de Oficinas de Igualdade e Benestar e a súa ampliación que garanta unha eficaz cobertura das necesidades, dotadas de equipos profesionais in-

terdisciplinares que actuando en rede complementen o labor dos servizos sociais comunitarios básicos dos concellos en relación coas situacións de exclusión e desigualdade social.

7.-Consolidación da xestión pública dos centros de atención xerontolóxica que atenden a persoas en situación de dependencia ou en risco de padecela, en particular a rede de Centros de Día. Consolidación de programas de proximidade que vertebren e cubran homoxeneamente a atención en toda Galicia.

8.-Constitución inmediata dos órganos de participación recollidos na lei, nomeadamente o Consello Galego de Benestar Social e a Mesa Galega de Servizos Sociais e da Comisión Interdepartamental de Servizos Sociais e Inclusión Social.

A reforma da Lei do Solo intensifica a presión sobre as terras agrarias

A reforma do Lei do Solo aprobada unilateralmente polo Partido Popular o pasado 23 de marzo constitúe un novo ataque directo aos labregos e labregas e á produción de alimentos, un obstáculo normativo á consecución da soberanía alimentar para o pobo galego, demanda cada vez máis manifestada pola cidadanía deste país.

A súa ambigüidade interpretativa, canda a apertura de criterios vinculados á ampliación dos núcleos rurais sen ter en conta o valor social das explotacións agroindustriais, pode resultar problemática

para seguir levando adiante a nosa actividade produtiva de alimentos.

Chama a atención tamén moi especialmente o cambio de terminoloxía referida ao turismo rural, que pasa a converterse nesta nova Lei en "turismo no medio rural", abrindo a porta a calquera tipo de iniciativa turística -grandes complexos hoteleiros, campos de golf, etc.-, sen que fora aportada pola Consellaría argumentación algunha que xustifique este cambio de significado que non fai senón que afondar na discriminación da actividade produtiva alimentar e na desprotec-

ción do medio rural coma tal, xa que permite unha maior liberdade na manipulación do entorno natural baseada na especulación urbanística do negocio turístico.

Coma sindicato condeamos a dobre moral da Administración galega, que a nivel discursivo alardea de querer un futuro para o agro e a nivel práctico rexeita poñer as condicións básicas necesarias no tocante á ordenación do territorio para que o obxectivo de conseguir un medio rural vivo sexa finalmente conquistado.

Etiquetaxe de produtos supostamente galegos: unha burla para o noso país

Na proposta de etiquetaxe realizada pola Consellaría do Medio Rural o pasado venres 12 de marzo, no marco da Comisión Permanente do Consello Agrario, a catalogación "FEITO EN GALICIA" non só se lle

porá á materia prima producida na Galiza, senón que aquelas empresas que teñan razón ou sede social eiquí, polo tanto que elaboren, transformen ou comercialicen no país, xa terían dereito a empregala.



Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG, denunciou en rolda de prensa os problemas que acarrexaría a ambigüidade na etiquetaxe proposta pola Consellaría do Medio Rural.

Co voto particular en contra do Sindicato Labrego Galego, mais co voto favorábel das outras organizacións agrarias e da Consellaría do Medio Rural (CMR), autora da proposta, aprobouse o pasado 12 de marzo unha iniciativa que pretende aproveitarse do prestixio dos produtos galegos, arestora fortemente lexitimados no mercado en base ao bon facer histórico do noso sector produtor, das características produtivas propias da nosa terra e dun cada vez maior sentimento de valoración e apoio por parte dos consumidores e consumidoras á produción e ao medio rural da Galiza.

O modelo polo que os diferentes gobernos optaron na Galiza, coma mecanismo para garantir calidade e procedencia, son as Denominacións de Orixe (DO) e as Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP).

Este modelo leva custado moitos cartos, tanto públicos como das explotacións amparadas. Tamén ao sector produtor custoulle adaptarse ás prácticas e á calidade esixidas.

Como consecuencia deste empeño de ligar produción de calidade ao territorio, xurdiron 5 Denominacións de Orixe e 3 IXP's do viño, 4 IXP's de queixo; tamén a tenreira, as patacas, as castañas, o mel, o pan, os pementos, as fabas, o lacón e os grelos contan coa súa Indicación Xeográfica Protexida.

A proposta de decreto realizada agora pola Consellaría, de levarse a cabo, sig-

nificaría o principio do fin deste modelo, pasando a ocupar este espazo o produto foráneo das grandes multinacionais da distribución. Unha agresión máis aos labregos e labregas galegas, ao territorio como base do noso sistema produtivo, planificada polas multinacionais e executadas pola Xunta do Partido Popular.

Somos miles os labregos e labregas afectadas e centos de pequenas e medianas empresas as que sobrevivimos ao amparo do modelo de calidade e procedencia, polo que non podemos permitir que se leve adiante este decreto de desvalorización da marca da Galiza na produción de alimentos.

Estas medidas dinamitan, polo tanto, unha personalidade produtiva construída polos nosos labregos e labregas ao longo

dos séculos, unha sorte de valor engadido presente nos nosos produtos, que en troques de ser potenciado para axudar ao mantemento dun tecido produtivo e un mundo rural vivo neste país, vén de ser agora secuestrado e deturpado por unha proposta comercial que cede de balde todo o noso prestixio a aquelas empresas instaladas agora ou no futuro no noso territorio.

Carme Freire Cruces cualificou de "desfachatez" a actuación da Consellaría do Medio Rural "ao deixar en mans de calquera tipo de industria, galegas ou multinacionais, a posibilidade de traficar coa nosa calidade", ao tempo que de cara á opinión pública a Consellaría do Medio Rural argumenta a defensa da agricultura e gandaría galega, apostando na realidade pola súa destrución, mediante accións de confusión no mercado das cales é bon exemplo esta medida de etiquetaxe proposta.

Os produtores e produtoras do SLG iniciamos unha campaña de denuncia na que procuraremos a complicidade de toda a sociedade, ao tempo que barallamos a posibilidade de iniciar accións legais que bloqueen esta tentativa de confusión.

Para o Sindicato Labrego Galego, a única proposta de etiquetaxe válida, e que así foi trasladada a CMR o pasado venres, catalogaría como produtos "FEITO EN GALICIA" somentes aqueles que, frescos ou transformados, empregan unicamente materias primas criadas ou cultivadas na nosa terra.

"... en Galicia"

A Consellaría do Medio Rural vén de poñer sobre a mesa un proxecto que se burla dos consumidores e consumidoras ao tentar confundir mediante unha etiqueta os produtos feitos con materia prima propia do país con aqueles feitos con materias primas de calquera latitude, xa que levarían practicamente a mesma identificación.

O Decreto pretende permitir no etiquetado e na publicidade poñer "FEITO/ELABORADO/FABRICADO EN GALICIA" para os produtos foráneos elaborados na Galiza, e "PRODUCIDO EN GALICIA" para os procedentes de materias primas galegas.

Polo tanto, se temos mel da China, con nocs de California, envasado por unha multinacional que ten a industria instalada en Viana do Bolo, xa poderíamos dicir que é produto "ELABORADO EN GALICIA".

Difilmente as consumidoras e consumidores serán capaces de diferenciar un de outro, xa que os dous parecen referirse a produtos galegos.

Co exemplo do compañeiro Leopoldo López Rego

Morreu o Leopoldo. Foi incinerado cuberto coa bandeira do nacionalismo e acompañado polo himno da súa patria. Con 75 anos, deixa atrás toda unha vida de entrega ao seu país e ao seu pobo.

Hilario Leopoldo López Rego, que ese era o seu nome completo, foi pioneiro en moitas cousas. Foi o primeiro avogado do sindicato e un dos redactores/asinentes dos estatutos da nosa legalización. Tamén foi o primeiro concelleiro nacionalista que tivo Melide, concorrendo nas listas do BNPG en 1979.

Leopoldo era unha persoa que, coma todas, tiña defectos e virtudes, pero, para nós, estas eran moitas máis. Sempre se distinguiu pola súa integridade e calidade humana.

Tivo unha vida difícil. Nada lle foi regalado. Todo o conseguiu con sacrificio, entereza, tenacidade e decisión.

Naceu no seo dunha humilde familia o 26 de febreiro de 1935 no Concello de Foz. Iniciou os seus estudos na época máis negra do franquismo, cando facían cantar o "cara al sol" nas aulas.

Un día, Leopoldo, que ignoraba o que significaba, cantouno na casa. O pai, un traballador progresista, chamoulle a atención, e o neno Leopoldo xa nunca máis o volveu a cantar na aula. Para que non lle chamasen a atención, disimulaba movendo algo os beizos.

A carencia de medios obrigouno a seguir os estudos nun colexio de frades pasionistas coa intención de seguir esa senda relixiosa, pero unha grave doenza fixo que tivese que volver para casa. Inda que o pai non era moi partidario de que seguira estudando para frade, finalmente puido facelo gracias ao empeño da súa nai.

Trasládouse a vivir a Euskadi onde comezou a ter relación cos sindicatos. En 1966, xa como frade pasionista, recala no Colexio de Sta. Gema da Coruña. Alí organiza un centro de xuventude cunha visión concienciadora onde se realizan accións reivindicativas e se espallan panfletos de denuncia político-social. Por este motivo é trasladado ao centro dos frades pasionistas de Melide, un internado onde acollían e daban formación a rapaces de familias sen medios económicos.

Leopoldo vía con claridade as inxustizas que sufría o noso pobo. Por aquel entón, nunha vila como Melide, tan ligada ao mundo rural, preocupábanlle especialmente as que padecían os labregos e labregas tan cruentamente.

Tomou a firme determinación de loitar contra esta situación e por iso consideraba que non podía permanecer illado no convento. Así decide buscar o xeito de ser máis útil ao seu pobo tamén desde fora do mesmo.

En 1971, con trinta e seis anos, comeza os estudos de dereito na universidade compostelá, implicándose ao mesmo tempo na loita contra a ditadura franquista con mozos de Melide rela-

cionados co nacionalismo. En outubro de 1975 é detido pola garda civil, acusado de agochar unha multicopista dun grupo antifranquista clandestino. Golpeado brutalmente no cuartel, non vai ser liberado ata decembro, despois da morte de Franco.

Leopoldo, daquela, xa tivera contactos esporádicos con membros da dirección dos Comités de Axuda a Loita labrega (CALL). Pero vai ser a partir de 1976 cando se integre definitiva-

maquinaria da empresa Fenosa, xunto a Moncho Valcarce. Foi detido na manifestación que tivo lugar posteriormente en Lalín.

Con varios mozos de Melide anegou de panfletos as corredoiras de As Encrobas protestando contra a instalación da mina de lignitos de Fenosa. Pero foi Baldaio un dos mellores exemplos de identificación das dúas actividades, letrada e política, nunha mesma loita.

Foi o avogado dos veciños e veciñas contra o roubo da marisma pero, tamén, un dos dirixentes dunha mobilización que xa é historia mais que compre non esquecer. Pola mañá houbo unha grande manifestación en Carballo.

Pola tarde, no cemiterio onde se lembraba a inxusta morte dun labrego, Leopoldo dirixiuse á xente e convocouna a ocupar, simbolicamente, a praia.

Alí produciuse unha verdadeira batalla campal coa garda civil. De nada serviu a bandeira branca que Leopoldo levaba diante para intentar parlamentar coa forza pública.

Os gardas comezaron a labazadas, culatazos, botes de fume, pelotas de goma. Ese día gañaron a batalla pero o pobo ganou a praia.

Estivo presente noutras moitas loitas que sería moi longo relatar. Só lembramos algunhas.

En Tordoia, participou na loita contra o encoro de Vilagudín, en Carnota contra os intentos de usurpación privada dunha praia.

En Láncara, estivo xunto ao señor Xulián, cando tentaban embargalo por non pagar a cota empresarial da Seguridade Social Agraria.

E non podemos esquecer o seu continuo apoio e asesoramento legal a moitos veciños/as comuneiros/as na reivindicación dos seus montes en man común.

Leopoldo foi un compañeiro que nos ensinou moitas cousas, algunhas moi actuais. El sabía que as leis inxustas non poden frear a loita polo que é xusto, porque poden e deben cambiarse.

Pero ademais, para el, a legalidade vixente nunca foi un pretexto para frear unha reivindicación porque sempre procuraba buscar o xeito de facer posible, mesmo dentro dela, a xustas demandas dos labregos e labregas.

No Sindicato Labrego Galego - Comisións Labregas perdemos a presenza do compañeiro Leopoldo, pero non a súa memoria nin o seu exemplo. Iso sempre permanecerá vivo na nosa mente e nos nosos corazóns. Contar con xente como Leopoldo na historia do noso sindicato é a forza que nos empuxa a seguir firmes nunha loita que, no fundamental, segue a ser a mesma que el mantivo durante toda a súa vida.



Imaxe correspondente á tarde do 8 de maio de 1977, cemiterio de Lema (Baldaio). Acto en memoria dun veciño morto ao ser obrigado polos garda xurados da empresa Baldaio SL a levar un saco moi pesado cheo de berberechos que estaba recollendo cara o cuartelillo da garda civil. Iste home padecía unha enfermidade grave do corazón e morreu a resultados do esforzo. Leopoldo co megáfono dirixiuse ás persoas alí concentradas denunciando o feito e proponendo baixar á praia tomada pola garda civil como xesto simbólico da súa recuperación. Cunha bandeira branca encabeizou a marcha con Moncho Valcarce e outros, seguidos dunhas dúas mil persoas. Evidentemente a garda civil non fixo caso e aí comezou a batalla de Baldaio, continuación da manifestación disolta desa mañá.

mente nesta organización para apoio das Comisións Labregas, coincidindo co remate da carreira de dereito. A partires desta data iniciase unha intensa relación co noso Sindicato Labrego Galego especialmente froitífera para nós.

O centro pasionista de Melide, onde vivía, foi continuo lugar de reunións clandestinas dos Comités de Axuda a Loita labrega (CALL) onde xerminaron as Comisións Labregas (CC.LL).

Estivo presente en Sigüeiro no I Congreso do sindicato e, como dixemos, foi o primeiro avogado que tivemos. Pouco ou nada cobraba e a duras penas puido manter un bufete empobrecido e con débedas.

Pero non só atendía profesionalmente ao Sindicato senón que se implicaba nos casos, tamén, como activista. Isto valeulle padecer atentados e represión fascistas. Entre outras cousas, queimáronlle o coche e foi condenado pola autoridade gubernativa por instigación ao desorden no caso do encoro de Portodemouros.

Daquela os labregos e labregas mobilizáronse en protesta polo afogamento duns mozos ao intentar cruzar o encoro nun pequeno bote. Tan só reclamaban a construción dunhas pontes.

Leopoldo pechouse varios días no túnel da

Riscos no manexo con animais

En calquera explotación gandeira existen dous tipos de riscos importantes xerados polo gando:

a) Contacto físico. Refírese á posibilidade de ser mancado ou mancada polo animal, xa sexa por turro, cornada, chantada, pisotón, couce ou calquera outro tipo de lesión directa, intencionada ou non.

b) Transmisión de enfermidades (zoonose). As enfermidades transmitidas polos animais á persoas pódense contaxiar a través das seguintes vías de transmisión:

Vía dérmica. Por contacto físico co animal ou cos seus excrementos, órganos, vísceras ou restos.

Vía parenteral. Por penetración a través de feridas na pel.

Vía dixestiva. Pola inxestión de alimentos contaminados pola enfermidade, ou pola bebida de auga ou outros líquidos contaminados (leite, etc.).

Vía respiratoria. Contaxio a través dos pulmóns, por respiración dunha atmosfera contaminada.

Existen tamén outros **riscos secundarios** que xorden da necesidade de utilizar medicamentos veterinarios, desinfectantes



para o gando ou insecticidas.

Tamén pode considerarse un risco a exposición a elevados niveis de ruído producidos polos animais en determinadas circunstancias, e tamén os **riscos eléctricos** orixinados por máquinas muxidoras, cercas electrificadas, etc.

Cofinanciado
por:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Riscos derivados do contacto con animais e das características das instalacións



O manexo de animais en explotacións gandeiras intensivas ou extensivas conleva en moitos casos, por moi mecanizado que poidese estar o proceso de produción, un contacto físico cos animais que implica un determinado risco de accidente se non se teñen en conta algunhas cuestións básicas como as reaccións do animal, o estado das instalacións ou as proteccións existentes nas cortes, cuadras, granxas de cara a evitar contactos non desexados co gando.

Con carácter xeral poden realizarse unha serie de recomendacións para previr este tipo de accidentes, referidas tanto ao manexo do gando como ás características das instalacións nas que se aloxan os animais e realízanse determinadas labores, como por exemplo, o muxo na cabana destinada á produción de leite.

1 ACHEGARSE AO ANIMAL CON SEGURIDADE

Para traballar cun animal grande con seguridade, é indispensable achegarse a eles de maneira apropiada.

A maioría de animais grandes poden ver en ángulos anchos ao seu redor, pero hai un punto cego directamente detrás seu que non poden ver. Calquera movemento neste "punto cego" fará que o animal se poña desacougado e nervioso.

2 SEPARAR O GANDO CON COIDADADO

Xa que a vaca é un animal moi pesado, non é boa idea tratar de separar as vacas manualmente utilizando portas ou taboleiros. Unha vaca ou cabalo moi nervioso pode chegar a atacar. A maioría dos animais serán máis cooperativos si se moven a través dun corredor que teña distraccións mínimas.

Aínda que os porcos non soen ser animais agresivos, poden ser perigosos se se ven ameazados, especialmente a femia protexendo ás súas

crías. O mellor método para mover cochos é o de guiar os animais axudándose de portas e/ou paneis. É necesario anunciar a aproximación cara os cochos como se fai con outros animais. Nunca hai que camiñar cara eles sen facer ruído, porque é seguro que se sorprendarán.

3 MARCADO DO GANDO

Calquera método que se utilice para marcar o gando debe prever e contemplar a rapidez de actuación e sistemas de traballo que lle eviten sufrimentos innecesarios, que por outra parte, poden enfurecelo e provocar danos.

4 MANTER UNHA ILUMINACIÓN HOMOXÉNEA

As sombras mesturadas con luces dentro das instalacións nas que se manexa o gando aumentarán o temor e tensión do animal, o que pode provocar reaccións inesperadas, co conseguinte risco de pisotóns, golpes...

Por iso, é recomendábel manter unha iluminación uniforme nestas áreas de movemento e de manexo do gando, para eliminar os riscos derivados deste tipo de reaccións inesperadas dos animais.

5 LIMPEZA E SEGURIDADE

• Manter o área de traballo limpa e libre de estorbos pra conseguir un ambiente laboral seguro.

- Asegurarse de que ningún dos ferrollos e pancas poden abrirse.
- Hai que limpar as ramplas de cemento e andares regularmente para evitar resbalóns e tropezo.
- Manter as forcas e outras ferramentas punzantes gardadas cando non se estean a utilizar.

1.6 NENOS, NENAS E OS ANIMAIS

Non é necesario que un animal ataque para que presente certo perigo para os nenos e nenas

Un touro, unha vaca, un poldro, unha ovela ou un cocho poden matar ou ferir gravemente a un neno/a.

Os medicamentos veterinarios e o instrumental necesario para os aplicar poden danar aos nenos e nenas ou transmitirles enfermidades. Ademais, o contacto cos animais ou as súas dexecións tamén poden ser causa de transmisión de enfermidades.

MEDIDAS PREVENTIVAS

- Non permitir a entrada de nenos/as en ningunha zona ocupada por animais potencialmente perigosos. Lembrar sempre que as femias que están a criar poden estar receosas e causar lesións.
- Non deixar nunca ao alcance dos nenos/as xiringas hipodérmicas; cómpre gardalas en lugar seguro.
- Impedir que os nenos/as estean en contacto con animais sen a supervisión dun adulto.
- Asegurarse de que os nenos/as se lavan moi ben as mans despois de ter tocado algún animal.



Non nos queren nas feiras

É posíbel que ó primeiro fosemos nós, labregos e labregas, quen inicialmente deixamos de levar produtos á feira, sobretudo o gando, e era explicable: non había medios de transporte, había que levar o gando andando a varios quilómetros, e se non se vendía volver con el de volta, mentras que vendendo na casa recollíano ou entregábalo nun punto relativamente perto da casa; pero isto é outra historia que xa fai moito tempo que as cousas non son así.



O certo é que nas décadas dos 70 e dos 80 o gando foi mermando nas feiras ata desaparecer de moitas delas, quedando unhos cantos mercados como puntos de venta, e agora fai unhos anos que os políticos e políticas parecen empeñados en botarnos deses poucos mercados, como dicíndonos que os mercados non son para a xente que producimos.

Primeiro foron as documentacións dos remolques, e os papéis que os homologaban para poder levar animais. Os cartos de moitos deses animais fóronnos levandos en papeleo e multas de tráfico.

Cando xa tiñamos os remolques preparados, viñeron as vacas tolas, e como seica nós éramos os e as culpábeis

do mal, houbo que empezar a lavar e desinfectar os remolques, e non valía que o fixerámos na casa: houbo que levalos a centros especializados, que cobraban do erario público, en definitiva poñer rica a TRAGSA e nós gastar combustible e tempo en paseos aos centros de lavado e desinfección.

Despois veu a normativa de benestar animal e fixéronnos ir aos cursos para aprender a carretalos, xa que ata esa data non sabíamos facelo.

Agora, que xa sabemos como transportar os animais, véu a época da privatización e dos cintos apertados e o erario público non ten cartos para pagar a limpeza e témola que pagar a medias.

E con tanto impedimento, vénsenos a cabeza o pensar que o que queren é botarnos dos sitios onde se vende, queren que entremos polo aro e vendamos os nosos produtos polas canles que establecen os mesmos que controlan os mercados.

En todo caso, botarnos do que máis se parece ao libre mercado: as feiras, esas quedan reservadas para os "axentes" da comercialización, que os labregos e labregas estamos mellor na casa, porque o da "comercialización" non vai connosco porque non entendemos deso.

Nós a vender donde digan os "listos", e por suposto aos prezos que eles poñan.

Valoración da Mesa Leite

Asisitiron Lupe Prado, Responsábel do Sector Leiteiro e Xavier Gómez, Coordinador de Sectores Gandeiros

O pasado 3 de marzo tivo lugar a reunión da Mesa do Leite de Galiza coa presenza da Administración, sindicatos e representantes da industria- sen que se deran avances de cara a garantir un futuro inmediato estable, nin garantías da existencia de prezos que permitan ás explotacións desenvolver a súa actividade e afrontar o seu futuro.

A nós parécenos irre- al pensar a estas alturas que a solución pode vir por asinar máis ou menos contratos, xa que todos e todas sabemos que un contrato de tres meses non é unha garantía de recollida, e que a non existencia de prezo mínimo significa que a industria utiliza o contrato para impoñer o seu prezo, e non á alza, precisamente... Esta é a verdadeira razón de por

que os gandeiros e gandeiras son reacias a asinar contratos: porque se prestan para unha utilización perversa.

Pola contra, acreditamos que non hai solución para este sector pola vía do mercado liberalizado. As administracións deben admitir esta máxima e traballar en procurar medidas de regulación de mercado e control da produción, mudando as políticas

agrarias para que teñamos prezo mínimo remunerador do noso traballo.

É o momento de aproveitar a presidencia do Estado na UE para procurarmos estabilidade e transparencia para o sector, xa que actualmente en todas as instancias da política europea, nas que os e as representantes políticas da Galiza e o Estado participan, estase a

trazar xa a política leiteira para despois do 2013 (reforma da PAC).

Se seguimos pola vía da total liberalización, os máis fortes e quen os defenden, os políticos, imporán os seus intereses (Distribución) e o resto da cadea estará en función deles, o que seguirá a provocar no sector produtor prezos que impedirán a supervivencia das nosas explotacións.

Esiximos prezo mínimo contra a especulación dos agronegocios

É o poder político o que nos pode protexer da especulación e do monopolio das empresas



Mobilización conxunta realizada no ano 2008 para recamar prezos xustos para o noso leite.

O anuncio de preacordo de compra de PULEVA por parte de LACTALIS deixou patente a tendencia á concentración do capital do sector industrial en cada vez menos mans, e inda por riba nas mans do capital francés, xa hexemónico no sector.

Na Galiza cada vez temos menos industrias e máis grandes, estranxeiras, e con máis poder no sector para impoñer os seus criterios, sobor de todo de prezos á baixa, como levan facendo no último ano e medio.

Para o sector produtor non é nada bó que o sector industrial se concentre en mans da industria de capital de fóra, que pouco ou ningún interese teñen en manter un sector produtivo próspero para o noso país. Pola contra, pra comezar a mudar a grave situación de crise que están a atravesar as explotacións leiteiras, sería bó que o sector industrial se implicara en defender o tecido produtivo que inda fica na Galiza, comezando a pagar a materia prima a prezos que permitan manter as

explotacións e aos gandeiros e gandeiras nelas.

Tamén é curioso que dende as Administracións, facendo alarde dun absoluto liberalismo, se mire para outro lado, coma se isto non fose con elas. Mais é agora, en pleno debate de modificación da política leiteira, o momento de defender un tecido industrial con capital galego e unha política de prezos dentro da UE na procura de garantir que, aparte de cubrir custos, remuneren a actividade de gandeiros e gandeiras, mantendo e desenvolvendo deste xeito tanto o tecido industrial coma o produtivo.

Claro que esta actitude imprescindiblemente tería que vir acompañada dunha aposta política forte pola regulación dos mercados e o control das producións, a fin de que as prácticas monopolísticas que practican as industrias non segan a ser permitidas polas políticas agrarias e se establezan prezos mínimos que garantan o noso medio de vida.

Baixadas nas facturas

Poucos días despois da venda de Puleva, o Sindicato Labrego Galego denunciou as presións da industria láctea Puleva aos gandeiros e gandeiras da comarca da Terra Chá, ameazadas cunha baixada na factura do leite.

A empresa baséase no feito de seren explotacións que superan en produción a cantidade de cota asignada, malia a que mesmo o propio Ministerio do Medio Rural declarou que no presente ano 2010 o Estado español non chegará a cubrir a cota, como tampouco o fixo no ano pasado.

Ademais, e precisamente por este motivo, este ano por primeira vez o FEGA (Fondo Español de Garantía Agraria) anunciou que non se farán retencións.

Fica claro, polo tanto, que esta ameaza é nin máis nin menos ca unha tentativa de realizar unha baixada unilateral do prezo, posto que non existe ningún tipo de cobertura legal que xustifique esta penalización que pretende impor Puleva.

Para o SLG esta é unha clara consecuencia da concentración de industrias lácteas en cada vez menos mans, que non dubidan en facer uso da súa forza monopolista para impoñer prezos o máis baixos posibles ao sector produtor.

A desconfianza nas análises do leite

É moi vella a desconfianza dos e das produtoras de leite sobre a utilización das mostras de calidade do leite para axustar e xustificar o prezo que a industria quere pagar, de xeito que as calidades baixen cando se quere baixar os prezos e ó revés.

Nos últimos tempos, e coincidindo coa caída de prezos do leite, cada vez quéixanse máis persoas de que lles aparecen análises moi desfavorables nas mostras, sen que se cambiara nada, nen se observe unha causa aparente, polo que parece lóxico desconfiar de que as mostras son manipuladas dende que saen da explotación ata que chegan ao LIGAL.

Existe a desconfianza, pero, evidentemente non podemos probalo. O que está claro é que no laboratorio, dada a rutina dos análises non é posible cambiar as mostras.

Por esta razón a dirección do sector lácteo do SLG, despois de valorar fondamente este problema, prantexa iniciar unha campaña que traia transparencia á recollida e transporte de mostras, que consiste en deixar patente a nosa desconfianza diante das industrias que recollen as mostras.

Para isto, sempre que desconfiemos de que nos están manipulando as mostras, debemos facer dúas cousas:

1. Pedirlle ao recolledor/a o día que leve as mostras que nos deixe outra mostra de contraste que nós poidamos analizar.
2. Chamar ao LIGAL para explicarlles que desconfiamos de que a recollida de mostras non esta ben feita, xa que non nos parecen correctos os resultados, polo que pedimos que o propio LIGAL nos veña a quitar unha mostra de referencia que avale ou anule os resultados.

Con esta campaña, pretendemos que quede clara a manipulación ou non das mostras do leite, para poder pedir cambios na rutina de mostreo que nos poidan garantir claridade e a non manipulación das calidades, xa que na situación actual, sen podermos demostrar que son certos os nosos temores, non podemos avanzar en buscarlle unha solución.

Polo tanto, tí, gandeiro ou gandeira que desconfies da análise obxectiva das túas mostras, comeza xa a facer estas dúas cousas e a comentar no teu local do SLG os resultados.

Bota a andar o Grupo do Viño da Coordinadora Europea Vía Campesina

O día 10 de febreiro, Manuel Docampo Paradelo, colleiteiro e Responsábel do Viño no SLG acudiu en Bruxelas a dúas xuntanzas do Grupo do Viño da Coordinadora Europea Vía Campesina (CEVC). O día 11 pola tarde asistiu xunto a Jean Francois Chapele, en representación da CEVC, á xuntanza do Grupo Consultivo do Viño da Unión Europea. Falamos con Manuel Docampo destas xornadas de traballo en Bruxelas.

■ Que destacarías como máis interesante das xuntanzas mantidas en Bruxelas?

Para o Sindicato Labrego Galego o máis interesante foron as xuntanzas internas da Coordinadora Europea Vía Campesina (CEVC), xa que ademais do SLG existen organizacións en Italia, Grecia, Suíza, Austria, Francia, Portugal e no Estado Español, que dentro da CEVC teñen interese en coordinar debates e fixar posturas comúns no sector vitivinícola.

A problemática no sector do viño é moi similar en toda Europa e atopámonos todos/as baixo unha mesma lexislación e cunha grande industria e gran distribución que actúan conxuntamente.

■ Que pode aportar o SLG nesta dinámica europea da Vía Campesina?

Nestas xuntanzas daste conta de que no SLG temos dado moitos debates e feito moito traballo no sector do viño, e que neste sentido podemos aportar moito en canto a temas como o de prezos e contratos, a oposición a IXP's máis amplas como Viñedos de España, oposición a leis contra o consumo de alcohol, nos debates do viño ecolóxico, etc.

Todas as organizacións da CEVC temos en común a defensa dun modelo social de vitivinicultura pero precisamos fixar posturas concretas en común e logo coordinar accións e mobilizacións.

Temos que ser capaces de chegar ao convencemento, conxuntamente, de que as medidas no marco da Organización Común de Mercado fracasaron e propoñer seguir no mercado regulado, recuperar o consumo do viño como alimento e seguir afondando no modelo europeo de calidade con orgullo de pertencer a culturas vitícolas milenarias.

■ Cando afirmas que a gran distribución e a gran industria van da man na mesma dirección, a que te refíres?

As multinacionais interésalles acaba co modelo de vitivinicultura de calidade baseado nas persoas, no territorio e na cultura milenaria e substituílo por un modelo deslocalizado, industrial, baseado no sistema de elaboración e nas va-



De esq. a der.: Manuel Docampo (Responsábel do Sector vitivinícola no SLG), e Jean Francois Chapele (da Confederación Paysanne, integrada na Coordinadora Europea Vía Campesina).

riedades. Non no terroño composto por: ubicación xeográfica, microclima, castes autóctonas adaptadas, e o máis importante: a xente e a súa sabedoría no manexo.

Na xuntanza do Grupo Consultivo do Viño puidemos comprobar como pretenden unificar as normas das Denominacións de Orixe (D.O.) e Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP) para logo facer IXP's moi amplas como Viñedos de España ou Viñedos de Portugal. Este é o mecanismo que pretenden usar, amais da liberalización das plantacións, e a confusión no etiquetado, para rematar co noso modelo.

■ E que aconteceu con aquilo de producir en Australia viño de castes europeas, cun modelo industrial de baixo custo, para competir no mercado europeo?

Europa é quen consume viño de verdade, e quen produce calidade.

O neoliberalismo apostou polo modelo industrial australiano onde importantes grupos europeos fixeron grandes inversións, pero fracasou por non dar desprazado no consumo aos viños europeos, nin con prezos moito máis baixos.

Agora Suráfrica e Chile producen aínda máis barato que Australia, e xa está a China facendo grandes plantacións para producir aínda máis barato.

Fai falla algo máis que prezos baixos

para rematar cos viños europeos, a cultura do viño e a nosa mellor defensa contra as agresións do neoliberalismo.

■ E como lle resultou ao neoliberalismo aquilo da OCM de axudar só a promoción en países extra comunitarios?

A Comisión de Agricultura da UE non fixo aínda ningunha valoración, posiblemente coñezamos antes a da Comisión de Contas, pero o que si sabemos é que a exportación de Europa países terceiros non é superior ás importacións, polo que a medida de axudar a promoción exterior, á que só se acolleron as grandes empresas, foi moi mala inversión.

Neste sentido tamén propuxeron no Grupo Consultivo a creación dun observatorio europeo do viño, xa que están a mudar os hábitos de consumo.

Máis vale que os gobernos invistan en que Europa recupere o consumo de viño e situemos a media en 50 litros persoa/ano (índices que temos en Galiza e Portugal, a media europea sitúase nos 30 litros persoa/ano, e a do Estado español en 25 litros por persoa e ano), xa que o que a venda que perde o viño a gañan os licores de mestura e outras substancias moito máis prexudiciais para a saúde, e non asociadas precisamente ás comidas.

A este respecto podemos aprender dos anglosaxóns, que están potenciando o viño como bebida máis saudable asociada ás comidas na contra deses licores.

Entrevista a Xosé Alfredo Pereira Martínez, presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes

“Para que o monte veciñal teña futuro, o medio rural ten que ter futuro”

O traballo a prol dos montes veciñais é unha loita histórica do SLG. Logo de asistir á última asemblea da Organización Galega de Comunidades de Montes, abordamos co seu presidente as propostas a debater no vindeiro congreso da ORGACCMM, así coma a importancia dos montes para a produción alimentaria e para o futuro do noso país.



Xosé Alfredo Pereira Martínez, Presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes.

■ Dende a Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (ORGACCMM), ca cal o SLG ten asinado un convenio dende fai anos, como considerades que engarzan directamente as comunidades de montes coa produción de alimentos?

O monte veciñal é unha peza máis do desenvolvemento do medio rural. O monte sempre tivo unha importancia no desenvolvemento da agricultura, e da gandería. A sociedade galega precisa terra para produción, e é certo que o monte veciñal ten esa capacidade para que se empregue para a produción de alimentos.

Temos que traballar xuntamente para lograr ese medio rural vivo e sustentábel que precisamos. Por tanto, temos unha máxima: o monte veciñal debe servir para xerar postos de traballo e futuro para todos os comuneiros e comuneiras, mellorando a súa calidade de vida e a de toda a sociedade.

■ Na última asemblea da organización galega de comunidades de montes, na cal estivemos o SLG, parecunos que o congreso de Montes Veciñais en Man Común que ides celebrar o 22 e 23 de maio toca aspectos clave na definición ideolóxica do que queredes que sexa o rural galego, en contraposición á proposta de leis que pretendían apropiarse dos modos de produción. Por que é tan importante que se manteña a “propiedade xermánica” para os montes veciñais en man común nesa definición ideolóxica?

A propiedade xermánica é un concepto que temos que defender porque está en perigo. O monte veciñal é unha propiedade privada comunitaria de carácter xermánico.

O monte comunal é unha propiedade que non é “por ter”, senón “por estar”. Un veciño ou veciña é comuneira e, polo tanto, propietaria dese monte, mentres viva no rural, cando marcha perde os dereitos.

É unha propiedade indivisíbel, inalienábel, imprescriptíbel e inembargábel, o que fai que estea fóra do propio mercado especulativo. Os intereses especulativos tentaron moitas veces eliminar o monte comunal de propiedade veciñal para sometelo ás leis do mercado e do capital.

■ Por que sempre falades da multifuncionalidade do monte?

Entendemos que o monte ten que ser multifuncional sustentábel, onde se cumpran todas as funcións: social, económica e medioambiental, pero non departamentadas. A interrelación de todas estas funcións é o que vai conseguir que sexa funcional e dure no tempo.

Nestes momentos estase poñendo moito por parte da Consellaría do Medio Rural e dos intereses especulativos para que entre o capital no monte veciñal.

Eles din que para “capitalizar” os montes ou para “producir”. Pero iso é mentira, o que queren é privatizar os montes e facer deles un negocio en contra da sociedade.

■ Pode vir de aí o interese da modificación do Decreto de Enerxía Eólica que fai posíbel que a Administración, sen ter en conta os intereses da comunidade, declare de utilidade pública un monte para instalar alí calquera tipo de empresa das que fan aproveitamento enerxético?

É certo. Neste ano de goberno, o Partido Popular elaborou unha lei totalmente agresiva para o monte veciñal, que é a Lei do Aproveitamento Eólico, que substitúe ao anterior decreto, que tamén tiña as súas fallas, pero polo menos aseguraba dúas cousas importantes eliminadas agora: que non se podían poñer parques eólicos en zonas da rede natura, ou de bens de interese cultural, etc. e deixaba a capacidade de elixir se se instalaba ou non un parque eólico nas propiedades e propietarios das terras.

Agora, independente de que unha comunidade estea ou non dacordo, pódese declarar de utilidade pública un monte, e logo proceder á expropiación forzosa para instalar un parque eólico.

A lei eólica significa un atraso importante de cara a pór os montes en valor dun xeito multifuncional sustentábel e lograr fomentar emprego de calidade, que no rural afectaría en positivo especialmente ás mulleres e á mocidade, e fixaría poboación.

■ Hai outras agresións pola vía legal...

Si, outro exemplo é a modificación da Lei do Solo, na que o monte veciñal gozaba na anterior Lei dunha protección legal específica como propiedade forestal, e agora deixa de estar protexido. Así, con calquera interese urbanístico especulativo, se os gobernos locais o deciden, pódese expropiar un monte. Isto dá un pouco de idea da filosofía do Goberno galego.

■ Outro aspecto que nos preocupa moito a nós é o emprego de terras, en troques de para a produción de alimentos, para a produción non só de enerxía eólica senón tamén para a produción de biomasa.

Sabemos que xa lle está a afectar directamente á produción de alimentos. Temos xa constancia de labregas no país ás que se lles restaron hectáreas que adicaban á produción de forraxes para o gando e que a día de hoxe estanse empregando para a produción de biomasa. Sabemos que tamén é un aspecto que preocupa á Organización Galega de Comunidades de Montes...

Nós detectamos xa fai tempo este problema, cando se comezou a falar da biomasa forestal. Entendemos que habería que subscribir os contratos unicamente con biomasa resultante dos traballos derivados da conservación do monte e dacordo cos plans de xestión (poda dos árbores, cortas de madeira...) pero nunca contratos para cultivos de biomasa.

Na anterior lexislatura prantexouse este debate e nós defendimos a posición de que o aproveitamento debería de ser sómentes da biomasa residual, e así llo recomendamos ás comunidades de montes, daquela presionadas polas empresas para asinar convenios.

As empresas, que miran só polo seu, ofértanlle contratos ás comunidades non só para producir biomasa, senón tamén para levarlle a xestión do monte. Así, cando lles faga falta máis cultivo para producir biomasa todo o monte pode ser transformado nun cultivo enerxético.

Temos constancia de que xa están propondo cortas de 3 anos para queimar.

Nós non estamos dacordo, porque o monte só ten futuro se está xestionado polos seus lexítimos titulares, sendo multifuncional e sustentábel e porque a nivel país non podemos permitir outra forestación que voltaría a traer lume, falta de emprego, despoboamento, etc.

Isto non é o monte que necesita a sociedade galega nin os veciños e veciñas en particular. Iso sería voltar a ter un monte extractivo cunha función colonial. O cultivo enerxético e o aproveitamento eólico tal e como se está facendo, é un aproveitamento colonial.

■ Dende a propia constitución da Organización Galega unha loita clave, na que tamén estivo o SLG desde o inicio, é a da fiscalidade axeitada ás comunidades. Que é o que conleva esta loita?

Nós sempre defendemos que a fiscalidade dos montes veciñais, que só existen en Galiza, debería ser elaborada en Galiza e non en Madrid, o que até o de agora non demos acadado e o que tamén fai que non entendan a nivel impositivo o que son os montes veciñais.

É un imposto inxusto e arbitrario, porque as comunidades de montes non somos sociedades mercantís, e por tanto non deberíamos pagar por un imposto de sociedades pensado para empresas con beneficios económicos.

O obxectivo da supresión do imposto sobre sociedades é que a poboación do rural obteña rentas en aras dunha fixación da poboación. O 25% dos beneficios, que é o que pagamos, e, a maiores o que logo

paga cada comuneiro na súa Declaración é un imposto estatal que se lle saca ao rural galego por dobre vía.

A fiscalidade si, pero axeitada a unha propiedade que non é privada nen pública, senón comunitaria e que a base está na veciñanza e nas funcións que ten: social, económica e medioambiental.

■ Cales son os aspectos claves para as persoas que vivimos no rural e do rural que ides abordar no Congreso de Montes Veciñais en Man Común?

Celebrárase no mes de maio no Carballiño baixo o lema “Monte veciñal multifuncional nun medio rural vivo: garantía de futuro”.

O primeiro relatorio titúlase “Consolidación da titularidade veciñal”. Hai ameazas como a eliminación do concepto xermánico, tratando de converter o monte nunha propiedade privada, ou outras como os cultivos enerxéticos, a presión urbanística, etc. que imos debater.

O segundo relatorio leva por título “Monte veciñal multifuncional e vivo: defensa da terra e xeración de emprego” no que se vai discutir como debe ser a produción. Nós consideramos que ten que ser sustentábel, enmarcada no desenvolvemento do medio rural.

Para que o monte veciñal teña futuro o medio rural ten que ter futuro. Ten que haber xente vivindo da terra e para iso ten que haber calidade de vida, infraestruturas, servizos...

As terras nosas, da sociedade labrega e comuneira, deben estar ao servizo da produción alimentaria de cara á consecución da soberanía alimentar. Temos terra para isto e é compatible esta función con outras como a medioambiental e social. Queremos centrarnos neste debate.

Nós criticamos que se está perdendo unha grande oportunidade coas axudas europeas en canto a desenvolvemento rural porque quen as está aproveitando non é a agricultura familiar, senón as grandes empresas do agro. Non interesa producir alimentos, senón beneficios.

O terceiro relatorio é “Alianzas para lograr ese monte veciñal nun medio rural vivo”. A relación cos labregos e labregas é fundamental. A supervivencia do monte pasa pola creación de alianzas estables, unha alianza do medio rural, especialmente coa sociedade labrega,

As alianzas deben respectar a regulación interna de cada entidade, e o funcionamento democrático, actuando por maiorías e respectando as minorías.

Temos que conseguir que a poboación urbana se convirta en usuaria tanto dos bens coma dos servizos producidos no rural. Ese é o remate do congreso, e ogallá sexa conclusión: Alianza do medio rural para defender un medio rural vivo.

Por último, quixera aproveitar para facer un chamamento á asistencia, non só dos comuneiros e comunerías, senón de tódalas persoas que teñan interese na defensa do medio rural e do futuro deste país.

VII Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do SLG

Labregas por unha seguridade social asequíbel e con coberturas dignas

Actividades formativas e accións reivindicativas sucedéronse do 5 ao 7 de marzo no marco do VII Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego desta vez xuntou en Ribadeo preto de 200 labregas chegadas de toda Galiza e pentecentes a marzo (Día das Mulleres), que distintos sectores produtivos.

Na actualidade, as labregas e labregos cotizamos entre corenta e corenta e cinco anos de media, mais sen embargo cobramos prestacións un 45% máis baixas.

Atopámonos coa situación de que cando unha muller ten unha pequena explotación, maiormente orientada ao auto consumo ou con unha porcentaxe pequena orientada á venda, son cuestionadas continuamente na súa profesionalidade por parte dos criterios de cotización da Seguridade Social alegando que non son "viábeis", obviando a importante achega social que realizamos.

A muller rural, que coída o territorio, conservou as sementes, e leva adiante a súa vida sen os apoios no tocante a servizos que poden ter as mulleres das cidades, somos tratadas logo como se foramos fraudes á Seguridade Social.

Nos últimos cinco anos as labregas percibimos un 44,32% de aumento na cotización á seguridade social con dereito á baixa.

Folga dicir que este aumento na cotización non se viu correspondido cun aumento dos prezos que o percibimos polos nosos produtos, situando a moitas mulleres na tesitura de ter que deixar de cotizar.

Dende o Sindicato Labrego



Mobilización realizada en Ribadeo durante o VII Encontro, en reivindicación dunha Seguridade Social xusta para as labregas.

Galego afirmamos que a discriminación das labregas nas cotizacións á seguridade social inspírase na falla de valoración do noso traballo.

Supresión do SGI

Reunidas en Ribadeo coñecemos a suspensión do Servizo Galego de Promoción da Igualdade (SGI) motivada supostamente por razóns económicas.

Atopándonos tan lonxe da consecución dunha igualdade real non somentes non se están a crear novos apoios para as mulleres por parte do Goberno galego, senón que mesmo sacrifícase a estabilidade dos xa existentes.

E precisamente nestes momentos de crise, nos que tódalas persoas temos que facer agora protexidos á costa dos nosos dereitos conquistados logo de moitos anos de loita.

A discriminación das labregas nas cotizacións á seguridade social inspírase na falla de valoración cara o noso traballo

fronte a unha situación especialmente difícil, cando máis importante é manter e ampliar as medidas de apoio ás mulleres.

As mulleres non somos as culpábeis da mala praxe económica que nos levou á situación actual, mais quen si o foron -entidades bancarias, políticas neoliberais, etc- son

Esta medida, na tónica da recente proposta de ampliación da idade de xubilación e da existencia de máis anos cotizados para acceder ás pensións, provoca que os colectivos que a nivel económico se atopan con máis dificultades aumenten na súa precariedade.



Videoforum introducido por Charo Sánchez, Secretaria de Medioambiente do SLG, centrado nos efectos dos fitosanitarios nas labregas.



O sábado pola tarde realizamos unha visita á explotación de horta de Vilma, afiliada do SLG, na que tamén se elaboran xabóns naturais e envásanse marmeladas e zumes.



Mesa redonda con representantes das Plataformas en Defensa da Sanidade Pública e en Defensa de Servizos Sociais Públicos, canda unha análise da actual situación dos servizos públicos ás explotacións agrarias realizada pola Secretaria de Desenvolvemento Rural do SLG, Ana Rodríguez.

A pataca transxénica, un novo ataque ao sector produtor

Argumentan o seu emprego para a fabricación de plástico e alimentación para o gando

O pasado dous de marzo coñecemos, canda a aprobación da comercialización de tres novas variedades de millo transxénico Monsanto (MON863xMON810, MON863Xnk603 e MON863xMOPN810XNK603) a autorización da Unión Europea para o cultivo da variedade de pataca xeneticamente modificada Amflora, producida polo grupo alemán BASF, a compañía química máis grande do mundo. É a primeira autorización en doce anos e tanto Francia (un dos maiores produtores europeos de pataca) coma Alemaña (sede da BASF) acolléronse á Cláusula de Salvagarda para impedir que se semente no seu territorio.

Dende o Sindicato Labrego Galego, e coma organización integrante da Plataforma Galega Antitransxénicos, rexeitamos fortemente este novo apoio aos intereses das multinacionais, mesmo sacrificando a saúde das persoas e a produción de alimentos sans e de calidade, que vén de realizar o recentemente nomeado Comisario de Saúde e Consumo da UE, John Dalli.

A aprobación da Comisión responde aos intereses da BASF, algo habitual cando multitude de altos cargos políticos proveñen das altas esferas das empresas e viceversa.

De feito, malia a que a pataca Amflora preséntase coma manipulada para ter un elevado contido de almidón coa desculpa de ser empregada en procesos industriais, alimentos e fertilizantes, as patacas convencionais xa teñen case o mesmo contido de almidón.

O que si as diferencia é que Amflora contén un xen que a fai resistente a determinados antibióticos, o que pode supoñer nos seres humanos que as consuman -mesmo a través de gando alimentado con ela- a perda de efectividade de determinados antibióticos imprescindibles nos

tratamentos contra a tuberculose.

Mesmo a Organización Mundial da Saúde e a Axencia Europea do Medicamento advertiron desta problemática, e a preocupación é tal que no 2001 foi adoptada unha lei europea que requiría a retirada paulatina até o 2004 de xens de resistencia a antibióticos. Pode ser que este sexa o motivo polo que a BASF pediu a autorización da pataca Amflora no 2005.

Claro que para esta empresa algunhas das doenzas que poidan xurdir do consumo destes alimentos modificados xeneticamente seguramente lle aporten máis beneficios, xa que como outras multinacionais da agroquímica, tivo boa conta de diversificar riscos e pechar o círculo de negocio, involucrándose tamén na fabricación de medicamentos.

Orientada á produción intensiva, ademais, se alguén quixera sementar esta pataca, estaría sometido/a a un contrato con empresas papeleiras.

E, por suposto, a semente da pataca Amflora só pode ser utilizada nunha sementeira, ao igual que o resto de transxénicos, posto que están patentados.



BASF anunciou que ganhará entre 20 e 30 millóns de euros grazas á comercialización da pataca transxénica Amflora.

Producción labrega en risco

De chegar ao noso país, onde contamos cunha grande produción de pataca de calidade, a pataca transxénica Amflora entraría en competencia coa nosa produción alimentaria, xa que vai necesitar enormes extensións de terra cultivable.

Cada vez hai maior presión sobre as terras agrarias: agrocombustíbeis, urbanización, forestación, piscifactorías, minas... É preciso que os gobernos teñan xa un amplo debate sobre as prioridades a dar no tocante á utilización das terras, e que interveña a cidadanía.

Por outra banda, no caso da pataca Amflora fica clara a imposibilidade de garantir que non se producirán contaxios en cultivos tradicionais e ecolóxicos, xa que esta contaminación está mesmo prevista e protexida pola UE cunha cláusula que permite a presenza de até un 0,9% de contaminación en alimentación humana e animal sen que se poida tomar medidas contra a BASF.

O obxectivo principal da Amflora son as agroindustrias, a produción intensiva e os monocultivos. Cando falamos de agroindustria falamos de biopiratería, da privatización dos bens colectivos, da perda absoluta do control das labregas e labregos sobre a produción de alimentos, e dunha total dependencia do paquete tecnolóxico que nos venden estas empresas (ás sementes modificadas xenéticamente hai que botarlles un tipo de produtos proporcionados pola mesma empresa) ademais da progresiva desaparición das explotacións familiares labregas.

Pretenden atrápanos nun sistema baseado nas sementes transxénicas, fertilizantes, agroquímicos e consumo de enerxía, controlados e dependentes totalmente das empresas transnacionais.

A biotecnoloxía é unha actividade comercial, á medida da produción industrial, e non está dirixida a solucionar os problemas que temos as labregas e labregos, nin a cidadanía.

CAMPANA DE CONTRATACIÓN 2010

A NOSA FORZA

25

ANOS
MEDRANDO
CO AGRO

En AGROMUTUA o tempo deunos a razón. Cada ano adicado ao mundo do campo, fixonos crecer en Experiencia, Especialización e en Recursos, convertíndonos na Mutua Líder en Seguros Agropecuarios.

SEDE SOCIAL
C/ Pérez Pujol, 5 - 1º
46002 Valencia
Tel.: 963 530 342
Fax: 963 531 196

AGROMUTUA
O Noso Seguro do Agro

agromutua@agromutua.es
www.agromutua.es

Orde das primas PAC para 2010-11

O pasado 30 de xaneiro o Ministerio de Medio Rural publicou a nova lei das primas PAC para 2010 e 2011. Como ben sabemos, estas primas **solicitarémolas no prazo que vai dende o día 1 de febreiro ao 30 de abril**, aínda que o do 1 de febreiro é un prazo teórico xa que faltan por pu-blicar as Ordes das Comunidades Autónomas e por poñer a funcionar toda a loxística necesaria para cumprimentar tan complicadas solicitudes. **AMPLIADO O PRAZO: ATÉ O 14 DE MAIO (incluído)**

A gran novidade deste ano é que a norma aplica totalmente o chamado "chequeo médico", así coma o "desacoplamento" para todas as primas agás as de nutrices.

Aínda que todas estas primas sonnos a todo o mundo familiares, imos facer un breve repaso polas primas gandeiras que van na solicitude única da PAC:

■ **Pago único:** axudas que engloban todas as primas que había e que foron desacoplándose, incluída a prima da cota do leite e que hai que xustificar con hectáreas admisibles se son dereitos normais e con máis do 50 % da actividade se son especiais.

■ **Prima por vaca nutriz:** unha prima de 185 € por cada dereito, máis unha prima complementaria de 22,46 € tamén por cada dereito (total 207,46 €). Lembramos que a porcentaxe de xuvencas non pode sobrepassar o 40 %, e que o período de retención será de 6 meses dende a solicitude.

■ **Primas de sacrificio,** que se piden coa solicitude única e son de ata 26,40 € cabeza para os adultos (máis de 8 meses) e de ata 46,50 para os xatos (entre 1 e 8 meses). Neste caso o período de retención será de 2 meses.

■ **Pagos adicionais en aplicación dos artigos 69 e/ou 68:**

-*Explotacións con vacas nutrices* teñan ou non dereitos de prima pero que teñan a nodriza e unha carga gandeira inferior a 1,5 UGM/ha repartirán entre todas as nutrices que cumpran 47.966.000 €. Haberá modulacions, soio cobrarán todo oas primeiras 40 de cada explotación, entre 41 e 70 dous tercios, entre 71 e 100 un tercio e a partir de 100 nada.

-*Pago adicional de vacún de calidade:* para aquelas reses sa-crificadas dentro de unha IXP ou marca de calidade ou agricultura ecolóxica; repartiránse entre todas as cabezas 7.000.000 de euros.

-*Pagos adicionais no sector lácteo:* para o leite vendido con compromiso de estar acollido a un sistema de aseguramento da calidade, esto é: unha declaración de acollerse de forma voluntaria ao sistema de calidade descrito na Guía de prácticas correctas de hixiene no sector productivo lácteo publicadas na páxina web do MARM ou as guías similares aprobadas polas comunidades autónomas.

Repartiránse entre os litros que cumpran 19.963.000 euros. Tamén teñen modulación, xa que soio se cobra polos primeiros 500.000 litros de cota da explotación.

-*Axudas específicas a produtores/as de ovino e cabrún de calidade,* ouseña, que comercialicen alomenos o 15 % do leite e/ou da carne baixo programas de produción de calidade; repartiránse 7.200.000 Euros.

-*Axudas específicas a agrupacións de produtores/as de ovino e cabrún de carne,* destinadas a mellorar a competitividade e concentración da oferta, repartiránse 26.200.000 euros

-*Axudas e explotacións leiteiras ubicadas en zonas de montaña* desfavorecidas ou economicamente vulnerables ou sensibles que teñan polo menos unha base territorial de 0,40 has por vaca, pagaránse por vaca elixible (vaca de leite de máis de 24 mese inscrita no rexistro de identificación individual de animais, -RIIA-) e repartiránse 40.200.000 euros.

-*Axudas para fomentar a produción de produtos lácteos de calidade* (IXP, DOP e gandeira ecolóxica), repartiránse por vaca elixible, en total 800.000 euros.

Lembramos que o conxunto das axudas PAC teñen á súa vez outra modulación (desconto) que afecta á cantidade total que exceda dos primeiros 5.000 euros. Esta modulación será do 8 % en 2010 e do 9 % en 2011.

Esto é a grandes rasgos o que traí a PAC 2010 para gandeiría, aínda que pareza que estamos falando da lotería de nadal.

AXUDAS DESTINADAS A FUNDACIÓNS, ASOCIACIÓNS E INSTITUCIÓNS CULTURAIS

Dixidas a fundacións, entidades e asociacións culturais sen ánimo de lucro que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes estean legalmente constituídas e inscritas no Censo de Entidades Culturais da Consellería de Cultura e Turismo. As subvencións están destinadas ao funcionamento e a realización de programas ou actividades culturais sen ánimo de lucro.

Inclúese nesta Orde os programas e actividades desenvolvidos desde o 1 de novembro de 2009 ata a data límite de xustificación desta Orde. **O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 6 de maio de 2010.**

RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL POLA QUE SE DECLARA A PERDA TOTAL DO DEREITO AO COBRAMENTO DA AXUDA DE RECRÍA.

Realizadas as inspeccións para a comprobación do cumprimento do programa entre @s solicitantes cuxa axuda foi estimada, comprobouse o incumprimento da execución efectiva do programa sanitario. Contra esta resolución poderase interpor recurso potestativo de reposición.

O prazo para interpoñer o citado recurso remata o 5 de maio de 2010.

AXUDAS PARA OS INVESTIMENTOS EN TRANSFORMACIÓNS E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS AGRARIOS E FORESTAIS.

Serán subvencionables os seguintes tipos de gastos: Construción, adquisición e mellora de bens inmóveis, compra de terreos. Compra de maquinaria e equipamentos novos, incluídos os programas informáticos e os soportes lóxicos.

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria remata o 5 de maio de 2010. Non obstante, no caso de que o investimento inclúa a construción de novas superficies cubertas ou ampliación das existentes, @ solicitante terá un prazo adicional de dous meses ao sinalado anteriormente para presentar a preceptiva licenza de obras.

AXUDAS PERIÓDICAS DE APOIO A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Serán requisitos necesarios para poder ser beneficiaria: ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, residir na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso de mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia e carecer de dispoñibilidade de recursos económicos.

Non poderán ser beneficiarias destas axudas as mulleres que percibisen esta axuda con anterioridade.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 1 de abril e rematará o 31 de outubro de 2010.

ATENCIÓN

MULLERES LABREGAS COTIZANTES Á SS AGRARIA QUE TIVÉCHEDES UNHA FILLA OU UN FILLO A PARTIR DO 1 DE XANEIRO DO 2008

Tedes dereito a solicitar a devolución dunha parte das cuotas pagadas á SS. durante os doce meses seguintes á baixa maternal. **Infórmate e tramítala no teu local do SLG, independentemente do tempo que xa pasara dende que tiveches ou fillo ou filla.**

Infórmate no teu local das medidas habilitadas polo Ministerio para o financiamento das explotacións

O Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino pu-blicou no BOE do 11 de marzo de 2010 unha orde na que se establecen medidas para facilitar o acceso á financiación das explotacións agrícolas e gandeiras.

Esta é unha das medidas co-xunturais que se lle reclamaron ao Ministerio, aínda que só é unha delas.

Dous tipos :

1.Concesión de novos préstamos: A través de acceso aos créditos ICO (**ata o 20 de decembro**) ou ben subvencionando os avais para a concesión de novos préstamos (**ata o 12 de xullo de 2010**)

2.Refinanciamento dos créditos xa concedidos :

a.Carencia especial de ata dous anos dos préstamos dos

plans de mellora ou incorporacións. Prazo: ata o **12 de xuño de 2010**

b.Carencia especial de ata dous anos dos préstamos concedidos as explotacións de carne (no ano 2008). Prazo: ata o 12 de xullo de 2010.

Desde o SLG consideramos que poden ser de interese para as explotacións que precisen liquidez, pero recomendamos pasar polo voso local do SLG para ter máis información e lerse con detenimento as condicións, sobre todo no que se refire a carencia dos préstamos xa concedidos, posto que na orde do Ministerio non está claro como quedan estes préstamos despois do período de carencia que concedan.

SEGUROS DE MAQUINARIA AGRICOLA

Todos os remolques, cisternas, e demais aperos matriculables teñen que ter **seguro propio** o seguro do tractor soio cubre os apeiros non matriculables.

AXUDA DE RAZAS AUTÓCTONAS

ATÉ O 30 DE ABRIL para renovar os compromisos.

ASAMBLEA O 22 DE ABRIL,

Xoves, ás 22hrs. no mercado gandeiro de **Castro Riberas de Lea: REFORMA DA PAC 2013 e SITUACIÓN DO SECTOR LÁCTEO.**

AXUDAS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E Á ACCESIBILIDADE

Para persoas maiores de 65 anos, persoas con discapacidade e persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia.

As actuacións subvencionables serán a adaptación funcional do fogar e supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda, a adquisición de próteses dentais e audifonos non previstos no sistema sanitario, adquisición de axudas técnicas ou produtos de apoio. **O prazo para as solicitudes de axuda remata o 7 de maio de 2010.**

APERTURA DO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DA RENOVACIÓN DO COMPROMISO POLOS TITULARES DE EXPLOTACIÓNS BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS AO FOMENTO DE SISTEMAS DE PRODUCCIÓN DE RAZAS GANDEIRAS AUTÓCTONAS EN RÉXIMES EXTENSIVOS

O prazo para presentar as solicitudes remata o 31 de abril de 2010.

AXUDAS AOS PLANS DE REESTRUTURACIÓN E RECONVERSIÓN DA VIÑA EN GALIZA

Estas axudas teñen por finalidade incentivar os plans de reestruturación e reconversión da viña. As accións que se subvencionarán a través desta axuda son a reconversión varietal, reimplantación de viñas e melloras das técnicas de xestión da viña. **O prazo de presentación de solicitudes de axuda rematará o 26 de maio de 2010.**

AXUDAS PARA PALIAR OS DANOS OCASIONADOS POR CATÁSTROFES NATURAIS EN OURENSE (CIDADE), VILAR DE BARRIO, VILAR DE SANTO, XINZO DE LIMIA.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda permanecerá aberto ata o 23 de maio de 2010.

CAMPAÑA DA RENDA 2009

O prazo para presentar a Declaración da Renda do exercicio 2009 abrírase o próximo 1 de maio e pecharase o 30 de xuño de 2010. Como de costume podedes pasar polos locais do SLG para tramitar a declaración da renda.

AVISOS

Proximamente abrírase o prazo para solicitar as seguintes axudas:

Plans de mellora de explotacións agrarias e incorporación de mozas á actividade agraria, devolución do gasóleo e plan renove de maquinaria agrícola.

Se estades interesados/as en solicitar algunha destas axudas podedes en contacto co voso local do SLG

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Novillas.
TLF: 981 195 687

Segadora Bertolini.
TLF: 606 593 253

-Muño de martelos en perfecto estado.300€.
-Renault Megane 1900 Turbo Diesel.2900 €.
TLF: 646 307 320 e 981 774 561.Zona Betanzos

Autocargador marca GALAGRI de 22 metros cúbicos semínovo con freo hidráulico, descarga hidráulica e rodas anchas. Zona Monfelo
TLF: 981 196 875 ou 696 699 883.

-Tractor JHON DEERE 2140 80 CV, bó estado.
-Subsolador marca Yimpa .
TLF: 696 004 515

Tractor EBRO 6125 DT
TLF:625 180 903 e 982 177 903

Rabaño de 86 ovelas con dereito a puntos.
TLF: 988 445 415 (Benito)

De 200 a 300 ouvellas.
TLF: 689 187 599 (José Luis)

Circuito na zona de Ordes.
TLF: 628 797 419

-Citroën Xsara HDI
-Moto Suzuki DR50
TLF: 628 535 941 (Carlos)

Véndense lugares no centro de Galiza, terra de Melide, de 45 e 21 hectáreas.
TLF: 616 627 318.

Segadora BCS, zona de Oroso (A Coruña).
TLF: 690 376 048. (Antonio)

-Motor-reductor para limpeza de granxas ou cortes.
-Dúas cabras monas,de dous anos de idade.
TLF: 988 457 400 (noites).

Vacas rubias marcadas.
TLF: 689 752 400

Tolva arrastrada de 8.000kgs con portas laterais e reductor de cinta con piño desmontable.
TLF: 650 019 275

Vendo mel totalmente ecolóxico, sen ningún aditivo. Zona da Mariña.
TLF: 608 920 360 (Josefa)

-Seat panda 35
-4 llantas de BMW
-1moto Derbi Variant Star 50cc.
TLF: 986 580 990 e 669 290 104

15 vacas rubia galega e 1 touro.
TLF: 981 790 331

Pala mixta retro-excavadora marca BENATI.
TLF: 660 442 783 (Raúl)

-Viño tinto da variedade TEMPRANILLO e MENCIA. Zona de produción. Monterrei.
-Estrulladora trifásica e bomba trifásica.
TLF: 636 900 607

Remolque autocargador picador, marca CLASS 335.
TLF: 982144182 ou 630528721 (Paco)

Semente de herba Raigrass italiano.
TLF: 677 244 325 (Juan Carlos)

Tanque de frío JAPY de 1200L, perfecto estado, prezo a convir.
TLF 658 628 448 ou 981 895 180

Novillas de leite, por cese de explotación.
TLF: 982 177 855 (A partir das 22:00hrs)

-Cinta transportadora de 10 metros
-Sementadora de patacas automática GRIMME
-Colleitoradora de patacas GRIMME 800
TLF: 639 81 7 6 34 (Antonio)

Sala de Ordeño Miele 5 puntos con pulsadores electrónicos. Arzúa.
TLF: 981 517 755 ou 619 885 180

Novilla de carne (cruce) de 6 meses.
TLF: 986 586 544

Autocargador Rotativo Marca MEGAL con 1 ano de uso, con documentación e tódalas extras. Zona Arzúa.
TLF: 677 625 245 (Suso).

15 ovelas, 1 carneiro e 5 anos, posibilidade de 1 mastín e un pastor alemán que están sempre con elas no monte. Ovelas 60€/unidade.
TLF: 981 886 718 ou 686 577 281 (Fina)

Peugeot 206 do ano 2001 con 140.000 Kms. Bo estado.
TLF: 981 797 225 ou 646 910 747

Cuba semprecheca. Modelo INOX AISI 316.3.000 litros. Económica.
TLF: 986 666 107 (Manuel)

Rabaño de 12 ovelas
A Cañiza.
TLF: 986 652 271 (Carmen)

11 Ferrados de millo para ensilar e 5 ferrados de millo de espiga en Ordes.
TLF. 981 69 92 04

-Segadora BCS dun ano de uso
-Ovellas preñadas
TLF: 981 788 210

Leña de abedul; son altos, delgados e fáciles de preparar. Zona de Rodeiro, Oza dos Rios.
TLF: 981 798 681 (Eduardo)

Can pastor belga (7 meses), en Goiriz.
TLF: 697 294 144

Trigo do país (lixoa)
TLF: 981 798 785 (Isabel)

Rolos de herba seca e de silo.
TLF: 982 505 798 ou 610 472 095

-Vacas e novillas frisonas: boa xenética, control leiteiro, media produción 10.370 l., media calificación 81, libre IBR-BVD.
-Tanque de frío POLIFRIO 2.500L.
TLF: 610 962 132, 626 250 993 ou 981 196 919

10 novillas Limousine.
TLF: 982 207 733 ou 685 884 257

Coche sen camé: LIGIER AMBRA GLX. Tén todos os extras.
TLF: 653 204 315 ou 648 641 404

Herba en fardos da tempada.
TLF: 628 266 689

Desensiladora marca mullós en bó estado a bó prezo.
TLF: 982 157 245 ou 636 863 082

-JOHN DEERE 2850, dobre tracción, aire acondicionado, rodas a medio uso, cabina SG2.
-AUDI 80 1.8E e remolque de tractor preparado para burros. Tamén se venden llantas de coche MOMO de 5 buratos e 15 polgadas.
TLF: 686 596 260.

Cortasillos de 1,60 m e un rulo de 2,50x0,90 m con documentación en moi bo uso.
TLF: 982 177 430

40 rolos de herba seca do Corgo (Lugo).
TLF: 982 176 748

-Colleitoradora de patacas marca GRIMME 650, con tolva alta e dirección.
-Cinta transportadora
-Desbrozadora de patacas (3 regos)
-Tractor JONH DEERE 1635 con pala.
-Repartidor de abono regadio con motor de 14 C.V.
-Remolque (10.000 kg).
TLF: 619 904 183

Cisterna de 2.000L Véndense 34 ovelas e 34 pitos.
TLF: 626 985 284 (zona de Arzúa)

Viño e augardente.
TLF: 986 689 486 (Ana)

Pitos de galiña piñeira, zona de Arzúa.
TLF: 654 047 516

Porcos celtas. Pontearreas.
TLF: 634 408 812 (Antía)

Vacas novillas, becerras e un xato. Todos/as marcados da CRUGA.
TLF: 982 157 245 - 636 863 082

Becerras e becerras.
TLF: 626 442 294

165 cabras con dereitos e cabritos.
TLF: 645 217 837

Véndense ranchos, A Pastoriza - Lugo.
TLF 626 592 286

Autocargador pequeno. Castro de Rei.
TLF: 649 016 125

Por cese de actividade véndense vacas de leite e tanque de frío de 3000l. Portomarin.
TLF: 982 157 768 e 697 422 304

Madeira de castaño seca e feita.
TLF: 616 060 146

Gaiola grande para loro, ten rodas, porta dianteira e a parte superior ábrese con opción a poñer a percha. Tén 3 comedeiros, está fabricada en aluminio con acabado antioxidante , mide: 69cm x 56cm x 150cm (ancho,fondo e alto).
TLF: 696 165 460.

Por abandono, véndense:
-Circuito alfa laval 3 puntos.
-Tanque do frío 550L.
-Tractor Ebro 470.
-Fresa 2m e ganchos 5 sachas.
TLF: 619 087 727 e 660 485 856 (Boimorto)

Tanque de frío de 4.500l. marca ALFA LAVAL. Zona Arzúa.
TLF: 627 321 083

Dous ordenadores: un PACKARBELL de sobremesa (dous anos), e un portátil SIEMENS cun ano.
TLF: 616 060 146

Vacas de leite. 2 novillas de 1º parto, 2 de segundo parto e 4 adultas. Moi boa calidade.
TLF: 982 144 294 (Tomasja).

Rotoempacadora CRONE KR125 en bo estado.
TLF:655 903 703

Segadora en bo estado e autocargador.
TLF:982 502 165

Cabalo semental de sete anos, raza angloárabe. Capa castaña. Prezo: 500€. Zona de Noia.
TLF: 616 181 890

Explotación de leite ecolóxica na zona de Cospello (Lugo)
TLF: 982 177 430

Estructura de invernadoiro de 880 m².
TLF: 680 108 262

Pranta de mazá de sidra inxertadas en castes autóctonas.
TLF: 655 698 299

-Fresa marca AGRATOR 1.60
-Abonadora
-Rolos de herba seca
TLF: 664 652 469

Herba seca en rolos (Moncelos-Abadin).
TLF: 649 680 371

Sala de muxir semínova
Moto Onda 125 cc XR semínova
Touro do país de ano e medio
TLF: 648 187 857

Camiño de cabalos con 3 anos de uso de 3 x 1,60m.
TLF: 636 234 643

Plantas de loureiro real. Ideal para setos de peche de parcelas. Prezo según tamaño.
TLF: 685 529 988 (Félix)

Por cese de actividade, véndense:
-Tractor JOHN DEERE 6400-105CV
-Cuba de purín 8.000l. con brazo de carga,, eixo direccional e ballesta lanzadeira.
-Remolque mezclador TRIOLET 12m.
-Encintadora de carro MAKEY.
-Emboladora CARRARO liña verde.
-Segadora FELLA 2,25m. 2 tambores.
-Rastrillo acordeonador FELLA 3,90m.
-Rotabator 2,25m. de labor.
-Segadora acordomadora RAPID SUIZA modelo 507.
-Remolque autocargador Galagri 24m.
-Batidor de purín.
-Abonadora Vicon 600kg.
-Arado JEMA, dúas vertedeiras.
-Sementadora de millo 4 regos.
-Desensiladora.
-Máquina de herbicida 6001 marca ANFER.
-BELARUS con pa, pinza de bolas, cazo desensilador, cazo de terra e cazo de estereo.
-Desbrozadora 1,60m.
-Extendedor de silo.
-Rolo apisonador 2,20m. de ancho por 1m. de alto.
TLF: 650 178 778

-Segadora rotativa de 2.05m. marca FELLA en bo uso.
-Angazo fleirador de 3m marca ROTAGA.
-Tanque de 2 muxidos , 800l. trifásico. Marca MAGNUS.
-Becerro ecolóxico para consumo.
Zona de Arzúa.
TLF: 637 850 419

Grade rotativa LELY TERRA 350.
TLF: 669 839 647

COMPRAS

Mero tractor de 30cv de 2ª man.
TLF: 626 439 145 (RAMIRO)

Mero xatos que teñan dende os 20 días ata os 10 meses.
TLF: 982 157 768

Mércase ou alúgase granxa de engorde de polos. Zona da Estrada ou arredores (Silleda-Forcarei).
TLF: 645 445 402

Mero silo de pienso de 5.000kg ou máis e tanque de frío de 200l. En bo estado
TLF: 650 217 717

Mastín leonés.
TLF: 655 057 370

Cámara de frío, para produtos hortícolas. Aproximadamente 4X4m. máximo,monofásica.
TLF: 620 140 986

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Mozo neozelandés estudante de veterinaria ofrécese para traballar e facer prácticas en explotación. Con experiencia en prácticas en Nova Zelandia.
ddaliaga@gmail.com

Ofrécese rapador profesional para campaña setembro-marzo. 1,30€ cada ovella.
TLF: 618 778 378 (Atliano)

Ofrécense traballadores para explotación.
TLF: 696 393 636 (Rui e Kelvin)

Fanse traballos en pozos artesanos (limpar, afondar, emparedar...). Equipado con elevador para sacar terra, bomba de achique con manguera ata 25 m de fondo e 50mm de diámetro, martillo picador e equipo de ventilación.Desprazámonos, presupostos sen compromiso.
TLF: 662 084 529(Fernando)

Ofrécense traballadores para explotación. Experiencia en pastoreo e matadoiros.
TLF: 638 987 735 (Mohamed e Ahmed)

Ofrécese persoa para traballar en explotacións ou con maquinaria na zona de Betanzos. Con experiencia.
TLF: 680 337 325 (José Manuel)

Ofrécese traballador para explotación.
TLF: 634 219 936 (Toni).

Ofrécese traballador para explotación. Zona Arzúa.
TLF: 690 267 319.

Ofrécese traballador para explotación.
TLF: 649 652 923 (Ahmed)

Fanse traballos en pozos artesanos (limpar, afondar, emparedar...).Equipado con elevador para sacar terra, bomba de achique con manguera ata 25 m de fondo e 50mm de diámetro, martillo picador e equipo de ventilación. Desprazámonos, presupostos sen compromiso.
TLF: 662 084 529 (Fernando)

Ofrécese matrimonio con experiencia en viveiros e agricultura orgánica para traballar en explotación.
ubedaalicia@yahoo.es

Unha rapaza e tres rapaces ofrécense para traballar en explotación.
TLF: 680 686 217 (Amina)

Fanse traballos forestais: plantacións, podas, desbroce manual e mecánico, talas de árbores e peches de fincas. Faise tamén calquera traballo agrícola.
TLF: 686 753 105.

OUTROS

Alúgase explotación de leite en Lañas, A Baña.
TLF: 670 694 644

Mércase ou alúgase granxa de engorde de polos an zona da Estrada ou arredores (Silleda-Forcarei).
TLF: 645 445 402

Alúgase explotación de leite en Lañas, A Baña.
TLF: 670 694 644

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correo electrónico prensa@sindicatolabrego.com. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Manifestación nacional en Santiago de Compostela

Na defensa dos Servizos Públicos

25
abril

Domingo 30 de maio
MANIFESTACIÓN
en Extremadura

con ocasión da reunión do
Consello Agrícola Europeo

É a nosa voz
a que teñen
que escoitar !!!



sindicato
labrego galego
comisións labregas



Convocan: Sindicato Labrego Galego-
Coordinadora Europea Via Campesina